



**ACTA DA SESIÓN 2/2022 ORDINARIA  
CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL  
O DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2022**

**Aprobada polo Pleno Municipal na sesión  
ordinaria 3/2022 de data 28/03/2022**

**O Secretario**

## **ORDE DO DÍA**

- 1.- Acta da sesión anterior (31/01/2022). Aprobación.
  - 2.- Recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores. Expediente 1/2022. Aprobación. (CIFECRIC de 22/02/2022).
  - 3.- Compatibilidade solicitada polo profesor do Conservatorio Profesional de Música do concello de Carballo, ensinanza de clarinete. Autorización. (CIFECRIC de 22/02/2022).
  - 4.- Compatibilidade solicitada polo Ordenanza-Conserxe do Pazo da Cultura do concello de Carballo. Autorización. (CIFECRIC de 22/02/2022).
  - 5.- Compatibilidade solicitada pola empregada municipal mestra de atención sociosanitaria do obradoiro “Carballo Coida”. Autorización. (CIFECRIC de 22/02/2022).
  - 6.- Bonificación ICIO, IBIU e IAE, por fomento de emprego, reforma de edificación para destinala a albergue xuvenil en Arnados-Razo. Aprobación. (CIFECRIC de 22/02/2022).
  - 7.- Bonificación ICIO, IBIU e IAE, por fomento de emprego, rehabilitación de edificación para destinala a restaurante, pensión e vivenda en Arnados-Razo. Aprobación. (CIFECRIC de 22/02/2022).
  - 8.- Bonificación ICIO, IBIU e IAE, por fomento de emprego, acondicionamento de baixo para destinalo a café-bar en Razo. (CIFECRIC de 22/02/2022).
  - 9.- Ordenanza Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IVTNU). Aprobación. (CIFECRIC de 22/02/2022).
  - 10.- Contrato administrativo de “Servicio de ayuda en el hogar del Ayuntamiento de Carballo” (SER 07/2021). Ejecución de resolución n.º 37/2022 de recurso núm. 21/2022 del Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL). (CIFECRIC de 22/02/2022).
  - 11.- Contrato administrativo de “Servicio de ayuda en le hogar del Ayuntamiento de Carballo” (SER 03/2022). Aprobación. (CIFECRIC de 22/02/2022).
  - 12.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202299900000460 de 9 de febreiro contra a exclusión financeira. (CIBPS de 22/02/2022).
  - 13.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000000895 de 15 de febreiro para a adhesión ao proxecto VIOPET. (CIBPS de 22/02/2022).
  - 14.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000000928 de 13 de febreiro sobre Coche de Punto. (CIBPS de 22/02/2022).
  - 15.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000000977 de 17 de febreiro sobre prostitución.
- FOD1.- Declaración institucional con motivo do día internacional da muller – 8 de marzo.**
- 16.- Seguimento de órganos de goberno:
    - 16.1.- Cambio de voceiro do grupo político municipal do Partido Popular (PP)
    - 16.2.- Informe de Intervención e Tesourería do cumprimento da lei 15/2021 do 5 de xullo, que modifica a lei 3/2004 do 29 de decembro, de medidas contra a morosidade, relativo ao cuarto trimestre de 2021. Toma de coñecemento.
    - 16.3.- Información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da orde MAP/2105/2012 do 1 de outubro. Execución do cuarto trimestre de 2021. Toma de coñecemento.
    - 16.4.- Resolucións da Alcaldía
    - 16.5.- Acordos da Xunta de Goberno Local
    - 16.6.- Rogos e Preguntas

## **ACTA Nº 2/2022 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL O DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2022**

Na Casa Consistorial o vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e dous (28/02/2022) sendo as vinte horas e trinta e catro minutos (20:34 h.), reúnen-se os membros do Pleno, no salón de plenos do Concello de Carballo, en primeira convocatoria, para celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. EVENCIO FERRERO RODRIGUEZ, coa asistencia dos Concelleiros seguintes:

Polo Grupo Político Municipal do BNG (ademais do Sr. Alcalde):

- D<sup>a</sup> María Belén Lendoiro Esmorís
- D<sup>a</sup> Milagros Lantes Seara
- D. Juan Manuel Seoane Collazo
- D. Marcos José Trigo Facal
- D<sup>a</sup> María del Carmen Ures García
- D<sup>a</sup> Maruxa Suárez Cotelo
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Mar Eirís Villar
- D. Iván Andrade Tasende
- D. Miguel Ángel Vales Mallo
- D. Luis Lamas Álvarez

Polo Grupo Político Municipal do PP:

- D. José Antonio Domínguez Pallas
- D. Rubén Lorenzo Gómez
- D<sup>a</sup> María Beatriz Neira Varela
- D<sup>a</sup> Paula Nogueira Costa

• Polo Grupo Político Municipal do PSdG-PSOE:

- D. Valentín Costa Trillo
- D. César Fernando Varela Novo

Polo Grupo Político Municipal de TEGA:

- D. José Bello Pallas
- D. Andrés Eirís Barca

Ausentes con excusa:

- D. Xosé Regueira Varela (Grupo Político Municipal do BNG)
- D<sup>a</sup> María del Carmen Vila Blanco (Grupo Político Municipal do PSdG-PSOE)

Asiste pola Intervención a Interventora municipal, dona Irache Enríquez Albaina, e pola Secretaría o Secretario municipal, don José Villán Fuertes, que actúa como secretario e dá fe do acto.

Antes do inicio da sesión, e a iniciativa do Sr. Alcalde, gárdase un minuto de silencio en memoria dos mariñeiros falecidos e desaparecidos no naufraxio do buque pesqueiro “Villa de Pitanxo” e polas vítimas da invasión, ocupación, guerra de Ucraína.

Declarada aberta a sesión, trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

### **1.- Acta da sesión anterior (31/01/2022). Aprobación.**

O Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (19), acorda aprobar a acta (PLENO 01/2022) da sesión ordinaria celebrada o día 31 de xaneiro de 2022, que foi repartida coa convocatoria.

### **2.- Recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores. Expediente 1/2022. Aprobación. (CIFERIC de 22/02/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 22/02/2022, punto 2 da orde do día, relativo á proposta do Sr. Alcalde de 18/02/2022, contida no expediente 2022/X999/000259.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, mantén a abstención manifestada na informativa.

O Sr. Costa Trillo, voceiro suplente do grupo municipal do PSdG-PSOE, comenta que seguen a mesma liña de sempre: os provedores teñen que cobrar. Abstención.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, valora positivamente o esforzo realizado en que a cifra sexa cada vez menor. A mesma valoración merece que os provedores cobren o máis axiña posible. Absteranse como teñen feito noutros recoñecementos.

O Sr. Alcalde subliña que estamos ante o recoñecemento xudicial máis baixo nos últimos trinta e un anos. Felicita ós servizos económicos polo "*excelente traballo realizado*" que rematou con este mínimo recoñecemento.

Sometido o asunto a votación, con once (11) votos a favor, dos concelleiros presentes do grupo municipal do BNG, e oito (8) abstencións, dos concelleiros presentes dos grupos municipais do PP (4), PSdG-PSOE (2) e TEGA (2), o Pleno Municipal acorda:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente número **01/2021** de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ó orzamento de 2021 por importe de **26.790,91** euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº de Entrada	Nº do Dto.	Data Dto.	Importe Total	Sit	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/2021/2636	FC191664 65	12/08/2021	80,61	CO	79315369F	EVA MARIA ARAN FERNÁNDEZ	MATERIAL PROTECCION CIVIL
F/2021/2680	FC20164 93	13/08/2021	10,60	CO	79315369F	EVA MARIA ARAN FERNÁNDEZ	MANIVELA, AFLOJATODO - COLEXIO UNITARIO DE VERDILLO
F/2021/2682	FC191569 95	13/08/2021	5,81	CO	79315369F	EVA MARIA ARAN FERNÁNDEZ	MATERIAL OFICINAS
F/2021/3858	Emit- 317	29/10/2021	181,50	CO	32660339V	MARTINEZ BRANDEIRO JOSE LUIS	INSERCIÓN EN REVISTA BISBARRA EN XOGO NOVEMBRO 2020
F/2021/4068	Rect-Emit- 507	08/11/2021	320,95	CO	B15442544	INSTALACIONES TASENDE, S.L.U.	Rect. Emit- 507 / Suministro e instalación de indicador neumático de nivel de depósito de gasóleo.
F/2021/4249	5978/A/ 2021	22/11/2021	41,59	CO	B15934458	LINEA INFO-ECO S.L.	PAPEL TÉRMICO. POLICÍA LOCAL
F/2021/4261	P12104900 0837357	22/11/2021	372,52	CO	A66829045	GAS NATURAL REDES GLP, S.A.	S.A.U. / Término fijo / Consumo suministro gas propano / Alquiler de contador
F/2021/4262	P12104900 0838838	22/11/2021	1123,44	CO	A66829045	GAS NATURAL REDES GLP, S.A.	Alquiler de contador / Término fijo / Consumo suministro gas propano / S.A.U.
F/2021/4586	V 1170	31/08/2021	40,30	CO	B15489131	ALQUILERES RENEYMAR S.L.	GUANTE LATEX ALTA PROT T.L ( PATRONATO DEPORTIVO FRANCISCO GARCIA (13/03/20) ) / GUANTE LATEX ALTA PROT T.M / FORRO POL
F/2021/4844	PI21142000 526295	17/12/2021	96,20	CO	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	TERMO DE POTENCIA P1 ( 1.019178 ) / TERMO DE POTENCIA P2 ( 1.019178 ) / TERMO DE POTENCIA P3 ( 1.019178 ) / TERMO DE POT
F/2021/4851	FACTU- 0132	20/12/2021	289,19	CO	B27475854	DECORO 2016 SL	PANTALON PARTHENON ALDAN / BOTA ADIDAS GSG 9.2 - POLICÍA LOCAL
F/2021/4854	F21 3087	15/12/2021	49,36	CO	B15258577	VILECO MIX S.L.	MATERIAL PARA COCIÑA CONCELLO
F/2021/4860	Emit- 2773	20/12/2021	84,77	CO	B15566383	SUENOR SL	ZOCALO A.S 27811-35 / MARCO 1 ELEMENTO S.2700610-03 PLAY / ENCHUFE SCHUKO BL. SIMON 27432- 65 / REGLETA CONEX. TEKOX 10MM

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
 Praza do Concello S/N  
 Teléfono 981 70 41 00  
 www.carballo.gal  
 infocarballo@carballo.gal  
 15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/G010/000002

F/2021/4861	Emit- 2772	20/12/2021	174,24	CO	B15566383	SUENOR SL	LAMPARA PHILIPS TCDEL 26W/840 G24Q3 - SERVIZOS SOCIAIS
F/2021/4862	Emit- 2771	20/12/2021	209,74	CO	B15566383	SUENOR SL	INT.HOR.ANALOG/CR/D/1X16/1MOD. / CONTACTOR CX3 25A 2NA 230V 412523 / PANEL SUPER.NARROW 24W 6000K BL. / DOWNL.BL.ECOLUX
F/2021/4863	Emit- 2770	20/12/2021	970,49	CO	B15566383	SUENOR SL	CANAL PARA SUELOS DE 15X90 SOLERA / INT.HOR.ANALOG/CR/D/1X16/1MOD. / CONTACTOR CX3 25A 2NA 230V 412523 / INTER.DIFERN 4X
F/2021/4865	PD21 111	20/12/2021	544,50	CO	B15162068	EDITORIAL CAPITAL S.L.	C. CARBALLO- ESPECIAL ANIVERSARIO DXT ESPECIAL ANIVERSARIO DXT 2021 19/12/2021
F/2021/4866	PI21 703	20/12/2021	1611,72	CO	B15162068	EDITORIAL CAPITAL S.L.	C. CARBALLO- EXPTE. 2021/U040/000005 17/12/2021APROB INICIAL PROXECTO TAXACION CONXUNTA TERREOS SECTOR SI-4 CALVO
F/2021/4867	PI21 704	20/12/2021	450,12	CO	B15162068	EDITORIAL CAPITAL S.L.	C.CARBALLO-EXPTE. 2020/U032/000003 11/12/2021APROB INICIAL DE MODIF PUNTUAL DO PXOM DE CARBALLO
F/2021/4874	Emit- 590	21/12/2021	31,46	CO	B15442544	INSTALACIONES TASENDE, S.L.U.	Revisión de caldeira (non encendía porque estaba sen gasóleo).CEIP A CRISTINA
F/2021/4876	Emit- 591	21/12/2021	31,46	CO	B15442544	INSTALACIONES TASENDE, S.L.U.	Cebar queimador de caldeira (cando encheron o depósito do gasóleo).CEIP A CRISTINA
F/2021/4877	Emit- 592	21/12/2021	94,38	CO	B15442544	INSTALACIONES TASENDE, S.L.U.	Desatascar desagües de urinarios e reparar fugas en latiguillos.CEIP BERGANTIÑOS
F/2021/4885	JM21 1625	15/12/2021	10,38	CO	B15588130	JOSE MANUEL PEDROUZO S.L.	SACO CEMENTO GRIS 25 KG
F/2021/4886	JM21 1626	15/12/2021	10,38	CO	B15588130	JOSE MANUEL PEDROUZO S.L.	SACO CEMENTO GRIS 25 KG
F/2021/4887	JM21 1624	15/12/2021	249,16	CO	B15588130	JOSE MANUEL PEDROUZO S.L.	SACO CEMENTO GRIS 25 KG
F/2021/4894	1 101	01/12/2021	181,50	CO	B70573811	A LUA DO RAPOSO SL	PUBLICIDADE FALDÓN 190X45MM EN REVISTA BISBARRA ENXOGO 10.
F/2021/4896	Emit- 600	23/12/2021	853,05	CO	B15442544	INSTALACIONES TASENDE, S.L.U.	Suministro e instalación de caixa de control. CEIP FOGAR
F/2021/4900	21 1424	23/12/2021	239,58	CO	B15987399	BIOCONTROL CALIDAD ALIMENTARIA S.L.U.	Análisis Piscina ( Análisis Piscina Fecha recogida:03/12/21 Albarán: 31246 y 31249 )
F/2021/4922	T T/2021-2645	27/12/2021	1505,29	CO	A78139755	GESTION YTECNICAS DEL AGUA SA	DESCOMPOSTO INSTALACION REDE DE ABASTECIMIENTO, SEGUN PRESUPUESTO ADXUNTO ( CARBALLO/BL/8121. DESCOMPOSTO INSTALACION REDE
F/2021/4923	FV 00004183	16/12/2021	387,20	CO	B27113471	LINCOLD IBERICA S.L.	CLORIX HIPO, GRG 1.000 KG. Producto homologado especial para Uso en Piscinas. / Nº DE LOTE: 20211118 / FECHA DE FABRICAC
F/2021/4929	P21 010004	28/12/2021	459,80	CO	A15000649	LA VOZ DE GALICIA S.A.	CARBALLO CONCELLO - ESPECIAL POLÍGONOS COSTA DA MORTE; DIC-4; Monográficos Voz Galicia (I); Carballo - Bergantiños; Med
F/2021/4930	P21 010003	28/12/2021	493,68	CO	A15000649	LA VOZ DE GALICIA S.A.	CONCELLO DE CARBALLO MODIFICACION PUNTUAL PXOM A BREA; DIC-11; La Voz de Galicia; Carballo - Bergantiños; Oficiales ; 2x3
F/2021/4943	CRB 210061	28/12/2021	236,81	CO	B15643240	SERVIGAL S.L.	SERVICIOS VETERINARIOS: ESTERILIZACIÓN DE UN PERRO ADOPTADO RECOGIDO EL 03/10/2021 A LAS 18:00 HORAS EN RÚA OLIVEIRAS, N
F/2021/4949	Emit-2021 82	28/12/2021	605,00	CO	34891692W	CERQUEIRO GARCIA UBALDO	Patrocinio do álbum de cromos do Fútbol Femenino Galego
F/2021/4950	Emit- 15	29/12/2021	859,10	CO	79310284M	JUAN FÉLIX GENDE DÍAZ	Exposición 50 aniversario IES Alfredo Brañas. Desño de 40 paneis / Impresión de 1000 dípticos A4 cor.
F/2021/4953	39/00D-0003126	29/12/2021	11,44	CO	B36007409	MERCASH SAR S.L.	AGUA MINERAL FONTECELTA 40/330ML . PROMOCIÓN ECONÓMICA. NADAL

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
 Praza do Concello S/N  
 Teléfono 981 70 41 00  
 www.carballo.gal  
 infocarballo@carballo.gal  
 15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/G010/000002

F/2021/4954	39/00D-0003127	29/12/2021	26,84	CO	B36007409	MERCASH SAR S.L.	AMBIENT.C/PULV.COLONIA 750CC.C12 / AMBIENT.C/PULV.ELEGANCE 750C.C/12 / BOB SECAMAN.3U.2C.SERVIH.CEL.PURA C / COCHE 6,
F/2021/4955	39/00D-0003128	29/12/2021	27,41	CO	B36007409	MERCASH SAR S.L.	SUAV.VERNEL AZUL 44 DOSIS. 2,25L.C/ / MUL.GLASSEX AZ.ANTP.C/P.750 ML.C/12 / PRECINTO ADH.TRANSPAR.36X132 C/48 / HIGIE
F/2021/4962	EBX 21 035	30/12/2021	650,00	CO	G70045844	ESCOLA DE BASKET XIRIA	BECA SERVIZOS SOCIAIS-ASISTENTES SUMMER BASKET CAMP / JAQUELINE ANDRADE TAIBO - 2 MESES:1 ALUMNO / JHONATAN ANDRADE TAIB
F/2021/4973	05/2021	20/12/2021	2000,00	CO	G70175401	ASOCIACION AMBIENTAL SENDA NOVA	ORGANIZACIÓN DE ROTEIROS "10º OUTONO EN MARCHA"
F/2021/4974	06/2021	15/12/2021	2250,00	CO	G70175401	ASOCIACION AMBIENTAL SENDA NOVA	COORDINACIÓN DE ACCIÓNS DIRIXIDAS POLO ASOC. AMBIENTAL SENDA NOVA DENTRO DO PROXECTO EU QUERO RAZO-BALDAIO
F/2021/4975	65	15/12/2021	543,37	CO	32754415T	PEREZ FRAGA MARIA DEL CARMEN	MATERIAIS VARIOS - COLEXIO A GÁNDARA, SOFÁN
F/2021/4981	1100746	15/04/2021	254,10	CO	B70136619	ALUMINIOS VIDAL S.L.	ARRANXO DÚAS PORTAS NO CAMPO DE FÚTBOL
F/2022/1	FA. 2103918	30/11/2021	278,32	CO	A15145535	HORMIGONES BERGANTIÑOS S.A.	FORMIGÓN - BEIRARRÚAS AVDA ARTES
F/2022/31	Fact 05/22 1	05/01/2022	1542,75	CO	53304827G	MARTINEZ PORTEIRO JAVIER	Fact 05/22 ( Pago Final en OBR 23/2020 )
F/2022/71	990-1-01/2	11/01/2022	175,00	CO	A36036739	DISTRIBUCIONES FROIZ S.A.	Vales de alimentación diciembre 2021 / "Operación no sujeta de acuerdo con el / artículo 7.12 de la Ley 37/1992 del /
F/2022/81	2022 15	11/01/2022	1452,00	CO	B70302260	ATOMO ESTUDIO TECNICO S.L.	ASISTENCIA A DIRECCIÓN DE OBRA Y COORDINACIÓN DE SEGURIDAD Y SALUD CORRESPONDIENTE A LA OBRA "REURBANIZACIÓN DE LA CALLE
F/2022/96	FA 2104192	31/12/2021	37,51	CO	A15145535	HORMIGONES BERGANTIÑOS S.A.	FORMIGÓN - FONTE GOIÁNS
F/2022/162	057/21	30/09/2021	434,72	CO	52433099E	ENCARNA HERRANZ GONZÁLEZ	SERVICIO DE CATERING PERSOAS EN SITUACION DE RISCO CARLOS MANUEL ALVAREZ PENEDO, GENARO TUSET, JOSE LUIS HERMIDA
F/2022/163	064/21	31/10/2021	387,20	CO	52433099E	ENCARNA HERRANZ GONZÁLEZ	CATERING PARA PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL GENARO TUSET Y JOSE LUIS HERMIDA DEL 23/08 AL 04/11
F/2022/164	077/21	30/12/2021	105,60	CO	52433099E	ENCARNA HERRANZ GONZÁLEZ	SERVICIO DE CATERING PERSOAS EN SITUACION DE RISCO PABLO MOURON DEL 23/11 A 04/12
F/2022/174	01/2021	30/11/2021	750,01	CO	G94200326	FEDERACION IGUALDADE MULLERES PROVINCIA PONTEVEDRA	ACTIVIDAD SENSIBILIZACION CONTRA A VIOLENCIA DE XENERO DENTRO DAS ACTIVIDADES DO PACTO DE ESTADO FEMUPO
F/2022/202	AC2022 44	03/01/2022	1391,50	CO	B70355318	SERVICIOS ADAPTACIÓN CONTINUA PROTECCION DATOS RB, SL	SERVICIO ANUAL PROTECCION DE DATOS ( ADAPTACIÓN CONTINUA ANUAL LOPD ENERO 2021- ENERO 2022)
F/2022/224	A 01357	31/12/2021	217,26	CO	B70316005	MELMAN CARBALLO, S.L.	ROUPA DE TRABAJO SERVIZOS SOCIAIS
F/2022/225	A 1358	31/12/2021	350,00	CO	B70316005	MELMAN CARBALLO, S.L.	MASCARILLAS PARA SERVIZOS SOCIAIS
F/2022/286	25/01/2022	25/01/2022	1000,00	CO	G70181797	GRUPO DE ACCION LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA COSTA DA MORTE	COTA ANUALIDADE 2021 GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA COSTA DA MORTE
			<b>26790,91</b>				

**Segundo.-** Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes e ordear o seu pago.

### **3.- Compatibilidade solicitada polo profesor do Conservatorio Profesional de Música do concello de Carballo, ensinanza de clarinete. Autorización. (CIFECRIC de 22/02/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 22/02/2022, punto 3 da orde do día, relativo á proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior do 10/02/2022, contida no expediente 2022/X999/000175.

Sen debate e sometido o asunto a votación, por unanimidade dos membros presentes (19), o Pleno Municipal acorda:

**Primeiro.-** Recoñecer a compatibilidade solicitada, mediante escrito do 18 de outubro de 2021, (registro de entrada núm. 202190000006454), por D. **Rafael Espido Lata**, con CIF núm. 46901651M, profesor do Conservatorio Profesional de música de Carballo na especialidade de clarinete, para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector privado. A compatibilidade recoñécese para o seguinte posto de traballo:

- Entidade: M<sup>a</sup> de La Luz Balado Prieto (La Malona, creative tank).
- Tipo de contrato: Tempo parcial.
- Xornada de traballo e horario: **Luns de 16:35 a 20:35h**
- Núm. de horas semanais: 3,98 horas.
- Tarefas a desempeñar: profesor, na especialidade de clarinete.

**Segundo.-** Esta autorización para o exercicio de actividade privada non poderá modificar a xornada laboral actual desenvolvida como profesor do Conservatorio Profesional de música de Carballo na especialidade de clarinete (en réxime de prestación de servizos a tempo parcial), ou a xornada e horarios que puidera establecérselle no futuro.

A xornada realizada polo traballador municipal na actividade privada debe respectar o límite establecido no artigo 12 da lei 53/1984 (non superar a metade da xornada semanal ordinaria de traballo na Administración).

**Terceiro.-** Dar traslado do presente acordo ao interesado.

### **4.- Compatibilidade solicitada polo Ordenanza-Conserxe do Pazo da Cultura do concello de Carballo. Autorización. (CIFECRIC de 22/02/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 22/02/2022, punto 4 da orde do día, relativo á proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior do 14/02/2022, contida no expediente 2021/X999/001517.

Sen debate e sometido o asunto a votación, con dezasete (17) votos a favor, dos concelleiros presentes dos grupos municipais do BNG (11), PP (4) e PSdG-PSOE (2), e dúas (2) abstencións, dos concelleiros do grupo municipal de TEGA, o Pleno Municipal acorda:

**Primeiro.-** Recoñecer a compatibilidade solicitada, mediante escrito de data 11/06/2021 (registro de entrada núm. 202100000003224), por D. **José Manuel Menéndez Varela**, con DNI núm. 32883343J, para o desempeño dun segundo posto no sector privado. A compatibilidade recoñécese para o seguinte posto de traballo:

- Entidade: José Manuel Menéndez Varela.
- Tipo de contrato: Autónomo.
- Epígrafe 899 "Otros profesionales".
- Xornada: non deberá coincidir coa súa xornada laboral, a quendas, no Concello de Carballo
- Núm. de horas semanais: máximo 18 horas.
- Categoría profesional: Técnico deportivo en Montaña.

- Tarefas a desempeñar: As propias desa categoría.

**Segundo.-** Esta autorización para o exercicio de actividade privada non poderá modificar a xornada laboral actual desenvolvida como Ordenanza-conserxe do Pazo da Cultura do Concello de Carballo, ou a xornada e horarios que, con carácter xeral para todos os empregados deste Concello, puidera acordarse no futuro.

**Terceiro.-** Dar traslado do presente acordo ao interesado.

### **5.- Compatibilidade solicitada pola empregada municipal mestra de atención sociosanitaria do obradoiro “Carballo Coida”. Autorización. (CIFECRIC de 22/02/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 22/02/2022, punto 5 da orde do día, relativo á proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior do 14/02/2022, contida no expediente 2022/X999/000177.

Sen debate e sometido o asunto a votación, con dezasete (17) votos a favor, dos concelleiros presentes dos grupos municipais do BNG (11), PP (4) e PSdG-PSOE (2), e dúas (2) abstencións, dos concelleiros do grupo municipal de TEGA, o Pleno Municipal acorda:

**Primeiro.-** Recoñecer a compatibilidade solicitada, mediante escrito de data 19/10/2022 (registro de entrada núm. 202299900000159), a D<sup>a</sup>. Olalla Pastoriza Suárez con DNI núm. 53167505S para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector privado. A compatibilidade recoñécese para o seguinte posto de traballo:

- Entidade: Cruz Roja Española
- Tipo de contrato: Temporal por obra ou servizo a tempo parcial.
- Xornada de traballo: luns de 16:30 a 19:30 h., mércores e xoves de 19:30 a 21:30 h. e venres de 17:30 a 19:30 h.
- Núm. de horas semanais: 9,00 horas. (nove horas semanais)
- Tarefas a desempeñar: Docente ciclo atención a persoas en situación de dependencia. Curso 2021-2022

**Segundo.-** Esta autorización para o exercicio de actividade privada non poderá modificar a xornada laboral actual desenvolvida como como Mestra de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (Rama psicossocial) do Obradoiro de emprego “Carballo Coida”

A xornada realizada pola traballadora municipal na actividade privada debe respectar o límite establecido no artigo 12 da lei 53/1984 (non superar a metade da xornada semanal ordinaria de traballo na Administración).

**Terceiro.-** Dar traslado do presente acordo á interesada.

### **6.- Bonificación ICIO, IBIU e IAE, por fomento de emprego, reforma de edificación para destinala a albergue xuvenil en Arnados-Razo. Aprobación. (CIFECRIC de 22/02/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 22/02/2022, punto 6 da orde do día, relativo á proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior do 16/02/2022, contida no expediente 2022/X999/000253.

Sen debate e sometido o asunto a votación, por unanimidade dos membros presentes (19), o Pleno Municipal acorda:



**Primeiro.-** Conceder, baixo condición resolutoria do posterior cumprimento dos requisitos previstos no art. 11 da Ordenanza Fiscal nº 4 do Concello de Carballo, a bonificación prevista no art. 11.1.1.A.1 da dita norma, sobre a cota tributaria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, a ALBERGUE DE SURF RAZO, SL, con NIF B-70609961, referida á reforma dunha edificación sita no Lg. De Arnados-Razo, na rúa Paseo do Arenal, 13, con referencia catastral 3931915NH2941N0001GW, para destinalo a albergue xuvenil, cun orzamento de execución calculado pola Área de Urbanismo de 264.664,40 €.

Deste xeito, a liquidación que correspondería realizar, chegado o momento de aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, de se manter os requisitos declarados, sería o que resultase da previa aplicación da porcentaxe de bonificación seguinte:

- Máis de 250.000 €: 5 puntos.
- Contratación de 1 traballador: 4 puntos.
- Total: 9 puntos.
- Bonificación aplicable: 95 % da cota tributaria, no caso de que, rematada a obra, se verifique a veracidade do orzamento declarado no proxecto

**Segundo.-** Conceder, dacordo ao previsto no art. 16bis da Ordenanza Fiscal nº 1 do Concello de Carballo, reguladora do Imposto sobre bens inmobles, a bonificación do 95 % na cota do imposto, relativa ao inmovible obxecto das obras que son bonificadas no ICIO, durante os tres exercicios seguintes ao do inicio da actividade, condicionada ao cumprimento dos requisitos previstos na Ordenanza.

**Terceiro.-** Conceder, dacordo ao previsto no art. 5 da Ordenanza Fiscal nº 2 deste Concello, reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas, a bonificación do 95 % na cota do imposto, se non resultase exenta pola aplicación das regras propias do tributo, durante os tres exercicios seguintes ao momento do inicio da actividade, referida ao local obxecto das obras bonificadas no ICIO, e suxeito á verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na Ordenanza.

**Cuarto.-** Notifíquese este acordo aos Servizos Económicos do Concello, e ao interesado.

## **7.- Bonificación ICIO, IBIU e IAE, por fomento de emprego, rehabilitación de edificación para destinala a restaurante, pensión e vivenda en Arnados-Razo. Aprobación. (CIFERIC de 22/02/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 22/02/2022, punto 7 da orde do día, relativo á proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior do 16/02/2022, contida no expediente 2022/X999/000254.

Sen debate e sometido o asunto a votación, por unanimidade dos membros presentes (19), o Pleno Municipal acorda:

**Primeiro.-** Conceder, baixo condición resolutoria do posterior cumprimento dos requisitos previstos no art. 11 da Ordenanza Fiscal nº 4 do Concello de Carballo, a bonificación prevista no art. 11.1.1.A.1 da dita norma, sobre a cota tributaria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, a Dna. Carmen Felisa García Bellán, con NIF 76.345.194-Y, referida á rehabilitación dunha edificación existente destinada a restaurante, pensión de 3\* e vivenda sita no Lg. De Arnados-Razo, na rúa Paseo da Praia, 14, con referencia catastral 3731904NH2941N0001TW, cun orzamento de execución declarado de 442.087,62 €.

Deste xeito, a liquidación que correspondería realizar, chegado o momento de aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, de se manter os requisitos declarados, sería o que resultase da previa aplicación da porcentaxe de bonificación seguinte:

- Máis de 250.000 €: 5 puntos.
- Contratación de 3 traballadores: 7 puntos.

- Total: 12 puntos.
- Bonificación aplicable: 95 % da cota tributaria, no caso de que, rematada a obra, se verifique a veracidade do orzamento declarado no proxecto

**Segundo.-** Conceder, dacordo ao previsto no art. 16bis da Ordenanza Fiscal nº 1 do Concello de Carballo, reguladora do Imposto sobre bens inmobles, a bonificación do 95 % na cota do imposto, relativa ao inmovible obxecto das obras que son bonificadas no ICIO, durante os tres exercicios seguintes ao do inicio da actividade, condicionada ao cumprimento dos requisitos previstos na Ordenanza.

**Terceiro.-** Conceder, dacordo ao previsto no art. 5 da Ordenanza Fiscal nº 2 deste Concello, reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas, a bonificación do 95 % na cota do imposto, se non resultase exenta pola aplicación das regras propias do tributo, durante os tres exercicios seguintes ao momento do inicio da actividade, referida ao local obxecto das obras bonificadas no ICIO, e suxeito á verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na Ordenanza.

**Cuarto.-** Notifíquese este acordo aos Servizos Económicos do Concello, e ao interesado.

## **8.- Bonificación ICIO, IBIU e IAE, por fomento de emprego, acondicionamento de baixo para destinalo a café-bar en Razo. (CIFECRIC de 22/02/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 22/02/2022, punto 8 da orde do día, relativo á proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior do 17/02/2022, contida no expediente 2022/X999/000261.

Sen debate e sometido o asunto a votación, por unanimidade dos membros presentes (19), o Pleno Municipal acorda:

**Primeiro.-** Conceder, baixo condición resolutoria do posterior cumprimento dos requisitos previstos no art. 11 da Ordenanza Fiscal nº 4 do Concello de Carballo, a bonificación prevista no art. 11.1.1.A.1 da dita norma, sobre a cota tributaria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, a D. Luís Rodríguez Facal, con NIF 52.432.181-R, referida ao acondicionamento dun baixo anexo a vivenda unifamiliar para destinalo a café-bar e restaurante, sito na Rúa Almirante Mourelle, 2, Razo, con referencia catastral 3731906NH2941N0001MW, cun orzamento de execución declarado de 182.264,31 €.

Deste xeito, a liquidación que correspondería realizar, chegado o momento de aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, de se manter os requisitos declarados, sería o que resultase da previa aplicación da porcentaxe de bonificación seguinte:

- De 150.000,01 a 200.000 €: 3 puntos.
- Contratación de 1 traballador: 4 puntos.
- Total: 7 puntos.
- Bonificación aplicable: 70 % da cota tributaria, no caso de que, rematada a obra, se verifique a veracidade do orzamento declarado no proxecto

**Segundo.-** Conceder, dacordo ao previsto no art. 16bis da Ordenanza Fiscal nº 1 do Concello de Carballo, reguladora do Imposto sobre bens inmobles, a bonificación do 70 % na cota do imposto, relativa ao inmovible obxecto das obras que son bonificadas no ICIO, durante os tres exercicios seguintes ao do inicio da actividade, condicionada ao cumprimento dos requisitos previstos na Ordenanza.

**Terceiro.-** Conceder, dacordo ao previsto no art. 5 da Ordenanza Fiscal nº 2 deste Concello, reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas, a bonificación do 70 % na cota do imposto, se non resultase exenta pola aplicación das regras propias do tributo, durante os tres exercicios

seguintes ao momento do inicio da actividade, referida ao local obxecto das obras bonificadas no ICIO, e suxeito á verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na Ordenanza.

**Cuarto.**- Notifíquese este acordo aos Servizos Económicos do Concello, e ao interesado.

## **9.- Ordenanza Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IVTNU). Aprobación. (CIFECRIC de 22/02/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 22/02/2022, punto 9 da orde do día, relativo á proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior do 16/02/2022, contida no expediente 2022/G016/000001.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, bota en falta un estudo co cálculo cos diferentes tipos impositivos para chegar a conclusión de fixar como tipo medio o 25%. Absteranse.

O Sr. Costa Trillo, voceiro suplente do grupo municipal do PSdG-PSOE, comprende a necesidade desta modificación; pero como non ten o asunto moi claro, absteranse.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, tamén entende que a modificación proposta obedece a unha obriga legal. Valora que os cidadáns teñan a seguridade xurídica dunha ordenanza adaptada o antes posible. En todo caso absteranse.

A Sra. Lendoiro Esmorís, concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior, recorda que só hai seis meses para a adaptación da ordenanza fiscal á modificación legal do imposto. Os cambios fundamentais na ordenanza, como xa comentou na Informativa, afectan a dous aspectos: os coeficientes para o cálculo da base imponible (proponse os sinalados na propia lei) e o tipo de gravame (proponse un tipo medio do 25% respectos dos que había ate de agora). Ambas propostas parten de criterios puramente técnicos. Os cidadáns teñen dúas posibilidades para escoller a liquidación a aboar; e na ordenanza que se modifica se prevé que, de oficio, os servizos municipais calcularán cal e máis económica para o contribuínte e será a que se aplique.

Sometido o asunto a votación, con once (11) votos a favor, dos concelleiros presentes do grupo municipal do BNG, e oito (8) abstencións, dos concelleiros presentes dos grupos municipais do PP (4), PSdG-PSOE (2) e TEGA (2), o Pleno Municipal acorda:

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 5 do Concello de Carballo, reguladora do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, consonte á redacción do texto que se incorpora como Anexo a esta proposta.

**Segundo.**- Proceder á exposición pública do acordo de modificación da devandita Ordenanza durante un prazo de 30 días hábiles, a contar desde a inserción do anuncio da súa aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, para a interposición de alegacións. De non se teren presentado alegacións, a modificación da Ordenanza considerarase tacitamente aprobada, sen necesidade de novo acordo plenario, e entrará en vigor, unha vez publicado o anuncio de aprobación definitiva da mesma, xunto co texto íntegro da modificación operada na Ordenanza, ao día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación definitiva no B.O.P.

### **«ANEXO.- TEXTO DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 5: IIVTNU. IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.**

#### **ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E RÉXIME.**

*1.- No uso das potestades conferidas pola Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e dacordo co previsto no art. 59.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.*

2.- *Este imposto rexerase polo disposto nos artigos 104 a 110 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polas disposicións que a desenvolvan e polo disposto na presente Ordenanza Fiscal.*

### **ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.**

*Constitúe o feito impoñible do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana o incremento de valor que experimenten os devanditos terreos e que se poña de manifesto coma consecuencia da transmisión da propiedade dos mesmos por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos.*

### **ARTIGO 3.- SUPOSTOS DE NON SUXECIÓN.**

1. *Non estarán suxeitos a este imposto os incrementos de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeles. Xa que logo, estará suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos, a efectos de dito Imposto sobre Bens Inmóbeles, con independencia de que estean ou non contemplados coma tales no Catastro ou no Padrón daquel. Aos efectos deste imposto, estará, asimesmo, suxeito, o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmóbeles clasificados coma de características especiais a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeles.*

2.- *Non se producirá a suxeción ao imposto nos supostos de aportación de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicacións que ao seu favor e en pago delas se verifiquen e transmisións que se fagan aos cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.*

*Tampouco se producirá a suxeción ao imposto nos supostos de transmisións de bens inmóbeles entre cónxuxes ou a favor dos fillos, coma consecuencia do cumprimento de sentenzas nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime económico matrimonial.*

3.- *Non se devengará o imposto con ocasión das aportacións ou transmisións de bens inmóbeles efectuadas á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., regulada na disposición adicional sétima da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, que se lle teñan transferido, dacordo co disposto no artigo 48 do R.D. 1559/2012, do 15 de novembro, polo que se establece o réxime xurídico das sociedades de xestión de activos. Tampouco se producirá o devengo do imposto con ocasión das aportacións ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., a entidades participadas directa ou indirectamente pola dita Sociedade en alomenos o 50 % do capital, fondos propios, resultados ou dereitos de voto da entidade participada no momento inmediatamente anterior á transmisión, ou coma consecuencia da mesma.*

*Non se devengará o imposto con ocasión das aportacións ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., ou polas entidades constituídas por esta para cumprir co seu obxecto social, aos fondos de activos bancarios aos que se refire a disposición adicional décima da Lei 9/2012, do 14 de novembro.*

*Non se devengará o imposto polas aportacións ou transmisións que se produzan entre os ditos Fondos durante o período de tempo de mantemento da exposición do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria aos Fondos, previsto no apartado 10 da dita disposición adicional décima.*

*Na posterior transmisión dos inmóbeles entenderase que o período de tempo ao longo do cal se ten posto de manifesto o incremento de valor dos terreos non se ten interrompido por causa da transmisión derivada das operacións previstas neste apartado.*

4.- *Non se producirá a suxeción ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales se constate a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores dos ditos terreos nas datas de transmisión e adquisición.*

*Para iso, o interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como aportar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, entendéndose por interesados, a estes efectos, as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 5 desta Ordenanza.*

*Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que a estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven as ditas operacións:*

- a) *O que conste no título que documente a operación, ou*
- b) *O comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.*

*Cando se trate da transmisión dun inmovible no que exista solo e construción, tomarase como valor do solo a estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data de devengo do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total, e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión coma, no seu caso, ao de adquisición.*

*Se a adquisición ou a transmisión tivera sido a título lucrativo, aplicaranse as regras dos parágrafos anteriores tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns, ou, de existir, o comprobado para tal imposto pola Administración Tributaria competente, debendo o interesado aportar a documentación acreditativa ao efecto.*

*Na posterior transmisión dos inmovibles aos que se refire este apartado, para o cómputo do período de tempo ao longo do que se ten posto de manifesto o incremento de valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de aportacións ou transmisións de bens inmovibles que resulten non suxeitas en virtude do disposto no apartado 2 deste artigo ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.*

*5.- Consonte ao previsto na Disposición Adicional Segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades, non se devengará o Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana con ocasión das transmisións de terreos de natureza urbana derivadas das operacións ás que resulte aplicable o réxime especial regulado no cap. VII do Tít. VII da dita Lei, a excepción das relativas a terreos que se aporten ao abeiro do previsto no art. 87 da mesma cando non se atopen integrados nunha rama de actividade. Na posterior transmisión dos ditos terreos entenderase que o período de tempo ao longo do cal se ten posto de manifesto o incremento de valor non se interrompeu por causa da transmisión derivada das operacións previstas no cap. VII do Título VII da Lei 27/2014.*

#### **ARTIGO 4º.- EXENCIONS E BONIFICACIONS.**

*1.- Estarán exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten coma consecuencia dos actos seguintes:*

- a) A constitución e transmisión de calquera dereito de servidume.*
- b) As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado coma Conxunto Histórico-Artístico, ou teñan sido declarados individualmente de interese cultural, segundo o disposto na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que teñen realizado ao seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación nos ditos inmovibles. Neste caso, deberán terse obtido as correspondentes licenzas, ou formalizado as comunicacións previas preceptivas, e deberá aportarse copia das mesmas xunto coa solicitude. Non caberá a exención nos casos nos que o feito impositivo non fora declarado dentro dos prazos legais de declaración/comunicación ou solicitude da autorización urbanística.*
- c) As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pagamento da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantizadas con hipoteca que recaía sobre da mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de xeito profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios. Asimesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais. Para ter dereito á exención é necesario que o debedor ou garante transmitente ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar o alleamento da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumirase o cumprimento deste requisito. Non obstante, se con posterioridade se comprobase o contrario, procederase a xirar a liquidación tributaria correspondente. A estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela na que teña figurado empadroadado o contribuinte de forma ininterrompida durante, alomenos, os dous anos anteriores á transmisión ou desde o momento da adquisición se o dito prazo fose inferior aos dous anos. Respecto ao concepto de unidade familiar, estarase ao disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das Leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. A estes efectos, equiparase o matrimonio coa parella de feito legalmente inscrita.*

*2.- Tamén están exentos deste imposto os incrementos de valor correspondentes cando a obriga de pago recaía sobre as seguintes persoas ou entidades:*

- a) O Estado e os seus organismos autónomos de carácter administrativo.*

- b) *A Comunidade Autónoma de Galicia, a Provincia de A Coruña, así como os seus organismos autónomos e entidades de dereito público de análogo carácter.*
- c) *O Concello de Carballo, as entidades que nel se integren ou nas que o mesmo se integre, así como os seus organismos autónomos e entidades de dereito público.*
- d) *As Institucións que teñan a calificación de benéficas ou benéfico-docentes.*
- e) *As Entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas na Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.*
- f) *As persoas ou entidades a favor das que se recoñeza a exención en virtude de Tratados ou Convenios Internacionais.*
- g) *Os titulares de concesións administrativas revertibles, no tocante aos terreos afectos ás mesmas.*
- h) *Cruz Roja Española.*

3.- *Estarán exentos, nos termos previstos no artigo 15.2. e cos requisitos do artigo 14.1. da Lei 49/2002, os incrementos correspondentes cando a obriga legal de satisfacer o imposto recaia sobre elas, as entidades sen fins lucrativos obxecto de regulación na devandita Lei 49/2002, do 23 de decembro, do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenazgo.*

4.- *Gozarán dunha bonificación do 95 por 100 sobre a cota do imposto os incrementos de valor postos de manifesto nas transmisións de terreos e na transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte en favor dos descendentes e adoptados, os cónxuxes os ascendentes e os adoptantes, segundo o establecido no art. 108.4 do R.D.Legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Considéranse operacións a título lucrativo por causa de morte as que así se conceptúen na normativa sobre Dereito Civil de Galicia.*

#### **ARTIGO 5º.- SUXEITOS PASIVOS.**

1.- *Terá a consideración de suxeito pasivo deste imposto:*

- a) *Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou entidade á que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que adquira o terreo ou a cuxo favor se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.*
- b) *Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título oneroso, a persoa física ou xurídica, ou entidade á que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que transmita o terreo ou que constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.*

2.- *Nos supostos de transmisións a título oneroso, cando o contribuínte sexa unha persoa física que teña a consideración de non residente en España, terá a condición de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou entidade á que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que adquira o terreo ou a cuxo favor se constitúa ou transmita o dereito real do que se trate.*

#### **ARTIGO 6º. BASE IMPOÑIBLE**

1.- *A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos, determinándose a mesma por algún dos dous sistemas expostos nos apartados 3 -estimación obxectiva da base imponible- e 4 -estimación directa da base imponible- deste artigo.*

2.- *O valor do terreo no momento do devengo determinarse segundo as seguintes normas:*

- a) *Nas transmisións de terreos, o valor dos mesmos será o que teña fixado en dito momento a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeis. Cando o dito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflecta modificacións de planeamento aprobadas con posterioridade á aprobación da ponencia, poderase liquidar provisionalmente o imposto con arreglo a aquel valor. Nestes supostos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez se teña obtenido consonte aos procedementos de valoración catastral colectiva que se tramiten, referido á data do devengo. Cando a dita data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes corríxiranse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos ao efecto nas Leis de Presupostos Xerais do Estado ou disposición de rango legal que o regule. Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou estando integrado nun ben inmóbel de características especiais, no momento do devengo do imposto non teña determinado valor catastral, o Concello poderá practicar liquidación cando o dito valor sexa determinado, referíndoo á data do devengo.*
- b) *Na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos de dominio, as porcentaxes anuais establecidas no art. 107.4 do R. D. Legislativo 2/2004 aplicarase sobre da parte do valor definido no apartado anterior que represente, respecto daquel, o valor dos ditos dereitos calculado*

*mediante a aplicación das normas fixadas a efectos do Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.*

*c) Na constitución ou transmisión do dereito a elevar unha ou mais prantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito a realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, as porcentaxes anuais contidas no art. 107.4 do R. D. Legislativo 2/2004 aplicaranse sobre a parte do valor definida no apartado a) que represente, respecto daquel, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das prantas a construír en vó ou subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.*

*d) Nos supostos de expropiación forzosa, as porcentaxes anuais contidas no art. 107.4 do R. D. Legislativo 2/2004 aplicaranse sobre a parte de prezo xusto que corresponda ao valor do terreo, agás que o valor definido no apartado a) anterior fose inferior, pois en tal caso prevalecerá este último sobre o prezo xusto.*

### *3.- Sistema de estimación obxectiva da base impositiva.*

*O período de xeneración do incremento de valor será o período de tempo ao longo do cal se teña posto de manifesto o devandito incremento.*

*Nos supostos de non suxección, salvo que por disposición con rango de Lei se dispoña outra cousa, para o cálculo do período de xeneración do incremento de valor posto de manifesto nunha posterior transmisión do terreo, tomarse como data de adquisición, aos efectos deste imposto, aquela na que se produciu o anterior devengo do imposto.*

*No cómputo do período transcurrido tomaranse anos completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións do ano. Para o caso de que o período de xeneración sexa inferior ao ano, ratearase o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.*

*O coeficiente a aplicar sobre do valor dos terreos no momento do devengo, calculado consonte ás regras establecidas nos apartados anteriores, será o que se estableza para cada ano no artigo 107.4 do R. D. Legislativo 2/2004, do 4 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, ou o que corresponda tras da actualización que se realizará anualmente mediante norma con rango legal segundo o previsto no propio artigo 107.4 da norma.*

*O Concello de Carballo establece a aplicación directa dos ditos coeficientes máximos que se establezan na Lei, sen que, polo tanto, sexa preciso modificar a Ordenanza anualmente.*

### *4.- Sistema de estimación directa da base impositiva.*

*Cando o interesado teña aportado na súa declaración a documentación establecida no artigo 3.4, e polo tanto fose posible pola Administración calcular o incremento real de valor da operación - por ter o interesado aportado a documentación precisa para tal fin-, e se constate que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base impositiva determinada polo sistema de estimación obxectiva, tomarase como base impositiva o importe do dito incremento de valor, emitíndose a liquidación polo método de estimación directa.*

*Para iso, o interesado debe ter aportado, no momento de presentar a declaración, os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, entendéndose por interesados, a estes efectos, as personas ou entidades a que se refire o artigo 5 desta Ordenanza.*

*Se o interesado non aportase no momento da presentación da declaración, ou en calquera momento anterior á aprobación da liquidación por parte do Concello, a dita documentación, entenderase que ten renunciado ao sistema de estimación directa, optando polo sistema de estimación obxectiva.*

### **ARTIGO 7º.- TIPO DE GRAVAME.**

*O Concello de Carballo establece un tipo impositivo único do 25 %.*

### **ARTIGO 8º.- DEVENGO.**

*1.- O imposto devéngase:*

*a) Cando se transmita a propiedade do terreo, ben sexa a título oneroso ou gratuito, inter vivos ou por causa de morte -equiparándose á causa de morte os negocios do Dereito Civil de Galicia que teñan tal consideración-, na data de transmisión.*

*b) Cando se constituía ou transmita calquera dereito real de goce limitativo de dominio, na data na que teña lugar a constitución ou transmisión.*

2.- *Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme que tivo lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito á devolución do imposto satisfeito, sempre que o devandito acto ou contrato non lle tivera producido efectos lucrativos e que reclame a devolución no prazo de cinco anos desde que a resolución quedou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectuar as recíprocas devolucions ás que se refire o artigo 1.295 do Código Civil. Aínda que o acto ou contrato non producira efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución fose declarada por incumprimento das obrigas do suxeito pasivo do imposto, non haberá lugar a devolución algunha.*

3.- *Se o contrato queda sen efecto por mutuo acordo das partes contratantes, non procederá a devolución do imposto satisfeito e considerarase como un acto novo suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo estimarase a avinza nun acto de conciliación e a simple aquiescencia á demanda.*

4.- *Nos actos ou contratos nos que medie algunha condición, a súa calificación farase con arranxo as prescricions contidas no Código Civil. Se fose suspensiva non se liquidará o imposto ata que se cumpra. Se fose resolutoria, esixirase desde logo o imposto, sen prexuízo de facer a oportuna devolución cando a condición se cumpra.*

### **ARTIGO 9º. NORMAS DE XESTIÓN.**

1.- *Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar, por calquera das vías oficiais de rexistro establecidas na vixente normativa, a declaración tributaria, onde se farán constar os elementos esenciais da relación tributaria para que a Administración poida practicar a liquidación tributaria correspondente. Á declaración xuntarase copia do/s documento/s no/s que consten os actos ou contratos que orixinan a imposición, así coma dos documentos ou contratos nos que conste a adquisición dos terreos obxecto da declaración.*

*En particular, os interesados deberán achegar a seguinte documentación:*

- a) *Copia do documento no que conste o acto/contrato que orixine o feito imponible.*
- b) *Copia do documento no que conste o título de adquisición orixinaria do terreo/inmable que se transmite. A estes efectos, lémbrese que a escritura de obra nova/división horizontal do edificio non é o título adquisitivo do inmable, senón que se deberá aportar o documento no que se instrumente a primeira adquisición do mesmo.*
- c) *No caso de que o terreo que se transmite se teña adquirido a título gratuito, copia do modelo de liquidación do Imposto sobre Sucesións e Doazóns onde conste o valor atribuído a efectos de tal imposto na adquisición do terreo.*
- d) *Copia do certificado de defunción, de últimas voluntades, e do testamento, no suposto de adquisición por herdanza, así como copias dos DNIs dos herdeiros.*
- e) *De non constar nos documentos de adquisición ou transmisión, identificación da referencia catastral do/s ben/s obxecto de declaración.*

2.- *Consonte ao disposto no art. 6.4 desta Ordenanza, a falta de aportación da documentación necesaria para determinar a base imponible polo sistema de estimación directa antes da aprobación da liquidación, suporá que o interesado teña optado polo sistema de estimación obxectiva da mesma.*

3.- *O interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor, e por tanto a non suxeción ao imposto, deberán sinalar na súa declaración, e aportar coa declaración os títulos que documenten a transmisión e a adquisición.*

4.- *A declaración deberase presentar nos seguintes prazos dende que se produza o devengo do imposto:*

- a) *Cando se trate de actos "inter vivos", o prazo será de trinta días hábiles.*
- b) *Cando se trate de actos "mortis causa", o prazo será de seis meses prorrogables ata un ano a solicitude do suxeito pasivo. O dito prazo será igualmente aplicable aos negocios previstos na normativa de Dereito Civil de Galicia que se conceptúen na mesma como negocios xurídicos "mortis causa".*

5.- *Estarán asimesmo obrigados a comunicar ao Concello a realización do feito imponible nos mesmos prazos sinalados no punto anterior:*

- *Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativo de dominio a título lucrativo por negocio xurídico "inter vivos": o doante ou persoa que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.*
- *Nas transmisións de terreos ou na constitución transmisión de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título oneroso: o adquirente ou a persoa a prol de quen se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.*



**DISPOSICION DERRADEIRA.**

A presente Ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial Provincial.

**DILIXENCIA.- Modificacións operadas anteriormente na Ordenanza.**

Aprobación: Pleno ord. 02/11/1995. B.O.P. nº 292, do 22/12/1995.

Modificación: Pleno ord. 26/10/1999. B.O.P. nº 299, do 31/12/1999 e nº 15 do 20/01/2000.

Modificación: Pleno extraord. 17/11/2000. B.O.P. nº 298, do 30/12/2000.

Modificación: Pleno ord. 19/11/2001. B.O.P. nº 298, do 31/12/2001.

Aprobación texto vixente: Pleno ord. do 28/01/2003. B.O.P. nº 72, do 28/03/2003.»

**10.- Contrato administrativo de “Servicio de ayuda en el hogar del Ayuntamiento de Carballo” (SER 07/2021). Ejecución de resolución n.º 37/2022 de recurso núm. 21/2022 del Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL). (CIFECRIC de 22/02/2022).**

Se da cuenta del dictamen favorable de la Comisión Informativa de Hacienda, Especial de Cuentas, Régimen Interior y Contratación del 22/02/2022, punto 10 del orden del día, relativo a la proposta de la concejala delegada de Planificación, Estrategia Urbana y Contratación del 14/02/2022 contenida en el expediente 2021/C004/000008.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, comenta que se trata de executar unha resolución do TACGAL, polo que o sentido do voto ten que ser favorable.

O Sr. Costa Trillo, voceiro suplente do grupo municipal do PSdG-PSOE, comprende que “*non queda outra que cumprir*” coa resolución do TACGAL.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, agradece as explicacións recibidas na Informativa e na Xunta de Voceiros, polo que mudan o sentido do seu voto.

Sometido o asunto a votación, por unanimidade dos membros presentes (19), o Pleno Municipal acorda:

**Primero.- Levantamiento suspensión.**

Levantar la suspensión del procedimiento de licitación del contrato administrativo de “Servicio de ayuda en el hogar del Ayuntamiento de Carballo” (SER 07/2021) acordada por Resolución de Alcaldía núm. 279/2022 de 31/01/2022.

**Segundo.- Anulación del procedimiento de adjudicación SER 07/2021.**

Ordenar la anulación del apartado 7.1.2.2. del cuadro de características del contrato (CCC) y cláusula 9.2.2 del pliego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), y en consecuencia anular el procedimiento de adjudicación del contrato administrativo de “Servicio de ayuda en el hogar del Ayuntamiento de Carballo” (SER 07/2021), en ejecución de la Resolución n.º 37/2022 de 11/02/2022, del Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad Autónoma de Galicia (TACGAL), que estima el recurso n.º 21/2022 interpuesto por la Asociación Estatal de Entidades de Servicios de Atención a Domicilio (ASADE) contra los pliegos.

**Tercero.- Archivo de actuaciones.**

Declarar concluso el procedimiento y ordenar el archivo de las actuaciones.

**Cuarto.- Notificación.**

Dar conocimiento de este acuerdo al Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad Autónoma de Galicia y a la Asociación Estatal de Entidades de Servicios de Atención a Domicilio (ASADE).

**Quinto.- Publicidad.**

Efectuar la correspondiente publicación del presente acuerdo en el perfil del contratante, de conformidad con lo señalado en el art. 63.5 de la LCSP.

### **11.- Contrato administrativo de “Servicio de ayuda en el hogar del Ayuntamiento de Carballo” (SER 03/2022). Aprobación. (CIFECRIC de 22/02/2022).**

Se da cuenta del dictamen favorable de la Comisión Informativa de Hacienda, Especial de Cuentas, Régimen Interior y Contratación del 22/02/2022, punto 11 del orden del día, relativo a la proposta de la concejala delegada de Planificación, Estrategia Urbana y Contratación del 16/02/2022 contenida en el expediente 2022/C004/000001.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, considera que debeu haber unha reunión previa cos grupos da oposición para recibir algunha aportación. Absteranse.

O Sr. Costa Trillo, voceiro suplente do grupo municipal do PSdG-PSOE, anuncia a súa abstención.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, por coherencia co expediente de contratación anterior, agora anulado, absteranse.

Sometido o asunto a votación, con once (11) votos a favor, dos concelleiros presentes do grupo municipal do BNG, e oito (8) abstencións, dos concelleiros presentes dos grupos municipais do PP (4), PSdG-PSOE (2) e TEGA (2), o Pleno Municipal acorda:

#### **Primero.- Procedimiento abierto con varios criterios de adjudicación.**

Elegir como sistema de adjudicación el procedimiento abierto, con pluralidad de criterios de adjudicación, sujeto a regulación armonizada, para contratar el “**Servicio de ayuda en el hogar del Ayuntamiento de Carballo**” (SER 03/2022) según lo dispuesto en el Art. 131.2, D.A. 2ª y 3ª LCSP.

#### **Segundo.- Objeto contractual.**

El objeto del contrato será la realización del servicio de ayuda en el hogar conforme a las prescripciones técnicas (PPT) redactadas por doña Ana Isabel Hoyuelos Bolón y doña Maria del Carmen Ures García en Febrero de 2022, con un presupuesto de licitación de 3.667.640,91 €, y un valor estimado (dos años de duración inicial, mas dos prórrogas de un año de duración cada una de ellas, más un modificado previsto de un 20 por ciento) de 8.380.504,05 €.

La codificación de Vocabulario común de contratos (CPV) que corresponde a este contrato es:

- 85312000-9: Servicios de asistencia social sin alojamiento
- 85310000-5 Servicios de asistencia social.
- 85300000-2 Servicios de asistencia social y servicios conexos.

#### **Tercero.- Pliegos.**

Aprobar el estudio económico financiero (EEF), el cuadro de características del contrato (CCC), el pliego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) y el pliego de prescripciones técnicas (PPT) que regirán la adjudicación de este contrato de servicios, mediante procedimiento abierto con pluralidad de criterios de adjudicación, tramitación ordinaria, sujeto a regulación armonizada.

#### **Cuarto.- Criterios de adjudicación.**

Los criterios que se proponen para la adjudicación del procedimiento abierto (con multiplicidad de criterios de adjudicación) son los siguientes, establecidos en la cláusula 7 del CCC:

<b>FASE I</b>	
7.1.1. <b>Criterios evaluables mediante juicio de valor</b> (hasta 35 puntos)	
7.1.1.1 Propuesta de organización para el desarrollo de los servicios adjudicados	Hasta 13 puntos

7.1.1.2 Recursos humanos, materiales y técnicos	Hasta 13 puntos	
7.1.1.3 Sistema de evaluación de la calidad de los servicios	Hasta 9 puntos	
Total criterios subjetivos:	Hasta 35 puntos	
<b>Umbral mínimo de puntuación:</b> Las empresas que no superen la puntuación mínima del 50% de los puntos asignados en la FASE 1, no continuarán en el proceso, quedando excluidos de la FASE 2 y del procedimiento de adjudicación.		
<b>FASE II</b>		
<b>7.1.2.- Criterios evaluables mediante fórmula matemática (hasta 65 puntos)</b>		
7.1.2.1.- Se valorará hasta un máximo de 49 puntos, considerándose que la máxima puntuación corresponderá a la mejor baja en la oferta económica en relación al precio de la hora laborable (máximo 44 puntos) y hora festiva (máximo 5 puntos). El resto de las ofertas se determinarán en rangos de proporcionalidad, en función de las siguientes fórmulas:		Hasta 49,00 puntos
<ol style="list-style-type: none"> <li>(% baja de la oferta a valorar x 44 / mayor % baja ofertado) x 0,84 = puntuación obtenida por hora dependencia laboral.   <math display="block">P = \frac{BO \times Pm}{Bm} * 0,84</math> </li> <li>(% baja de la oferta a valorar x 44 / mayor % baja ofertado) x 0,16 = puntuación obtenida por hora concurrencia laboral.   <math display="block">P = \frac{BO \times Pm}{Bm} * 0,16</math> </li> <li>(% baja de la oferta a valorar x 5 / mayor % baja ofertado) = puntuación obtenida por hora dependencia festivo.   <math display="block">P = \frac{BO \times Pm}{Bm}</math> </li> </ol> <p>P: puntuación total                      BO: porcentaje de bajada de la oferta                      Pm: máxima puntuación que se puede obtener                      Bm: mayor porcentaje de baja ofertado por las empresas</p> <p>Las horas laborables puntuarán un máximo de 44 puntos y las festivas hasta un máximo de 5 puntos                      Las ofertas que no efectúen baja sobre el tipo de licitación se puntuarán con 0 puntos.</p>		
7.1.2.2.- Servicios complementarios (ver cláusula 9.2.2)		Hasta 16 puntos
Servicio fisioterapia	Hasta 3 puntos	
Servicio podología	Hasta 3 puntos	
Asistencia psicológica	Hasta 3 puntos	
Servicio de peluquería	Hasta 1 punto	
Limpiezas extraordinarias	Hasta 1 punto	
Servicio de lavandería	Hasta 1 punto	
Ayudas técnicas	Hasta 4 puntos	
Total criterios objetivos		Hasta 65,00 puntos
Total puntuación		Hasta 100,00 puntos

**Quinto.- Presupuesto base de licitación. Valor estimado. Precio del contrato.**

El presupuesto base de licitación y valor estimado del contrato son los siguientes:

<b>2. PRECIO DEL CONTRATO Presupuesto de licitación</b> Cláusula 6 PCAP			
<b>PRECIO INICIAL (dos años duración contrato)</b>			
Dependencia:	3.245.778,26 €	Concurrencia:	265.483,20 €
Modificado previsto (20%) cláusula 23 PCAP:	649.155,65 €	_____	_____
<b>TOTAL SIN IVA:</b>	<b>3.894.933,91 €</b>	<b>TOTAL SIN IVA:</b>	<b>265.483,20 €</b>
IVA (4%):	155.797,35 €	IVA (10%):	26.548,32 €
<b>TOTAL:</b>	<b>4.050.731,26 €</b>	<b>TOTAL:</b>	<b>292.031,52 €</b>
<b>TOTAL DEPENDENCIA Y CONCURRENCIA CON IVA:</b>		<b>4.342.762,78 €</b>	
<b>PRECIO DOS POSIBLES PRÓRROGAS</b>			
Dependencia:	3.927.391,77 €	Concurrencia:	292.695,17 €
<b>TOTAL SIN IVA:</b>	<b>3.927.391,77 €</b>	<b>TOTAL SIN IVA:</b>	<b>292.695,17 €</b>
IVA (4%):	157.095,67 €	IVA (10%):	29.269,51 €
<b>TOTAL:</b>	<b>4.084.487,44 €</b>	<b>TOTAL:</b>	<b>321.964,68 €</b>
<b>TOTAL DEPENDENCIA Y CONCURRENCIA CON IVA:</b>		<b>4.406.452,12 €</b>	
<b>VALOR ESTIMADO (dos años duración inicial + modificado previsto 20% + 2 posibles prórrogas)</b>		<b>8.380.504,05 €</b>	

**2.2. Precio de licitación del contrato (precio unitario)**

<b>Dependencia (precio hora servicio)</b>			
Lunes a Sábados	Precio sin IVA: 24,03 €	IVA (4%): 0,96 €	Precio con IVA: 24,99 €
Domingos y Festivos	Precio sin IVA: 26,79 €	IVA (4%): 1,07 €	Precio con IVA: 27,86 €
<b>Libre Concurrencia (precio hora servicio)</b>			
Lunes a Sábados	Precio sin IVA: 22,72 €	IVA (10%): 2,27 €	Precio con IVA: 24,99 €

**Sexto.- Aprobación del gasto.**

La financiación del contrato se realizará con cargo a la aplicación presupuestaria 2310.-22799 "servizo externo axuda no fogar" del presupuesto vigente para el ejercicio 2022.

El Ayuntamiento se compromete a consignar crédito adecuado y suficiente en los presupuestos de los ejercicios económicos 2023 y 2024 y, en caso de prórroga 2025 y 2026. (Art. 117.2 de LCSP.) para hacer frente a los gastos que de él se deriven.

**Séptimo.- Revisión de precios.**

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 103.5 LCSP no procederá en ningún caso la revisión periódica y predeterminada de precios del presente contrato y por tanto no se aplicará fórmula alguna de revisión

**Octavo.- Plazo de vigencia del contrato.**

El contrato que se formalice tendrá un período de vigencia de dos (2) años, prorrogable por dos años más.

**Noveno.- Anuncio de licitación.**

Disponer la apertura del procedimiento abierto, con pluralidad de criterios de valoración, para la adjudicación del mencionado contrato de servicios, sujeto a regulación armonizada, ordenando la inserción de un anuncio en el Diario Oficial de la Unión Europea (DOUE) y en el perfil del contratante

del Ayuntamiento de Carballo ([www.carballo.org](http://www.carballo.org)) alojado en la Plataforma de Contratación del Sector Público (PLACE). (Art. 156 LCSP), para que las empresas interesadas presenten sus proposiciones, dentro del plazo de **treinta y cinco (35) días naturales**, a contar desde el día siguiente al envío del anuncio de licitación al Diario Oficial de la Unión Europea (DOUE).

#### **Décimo.- Responsable del contrato.**

De acuerdo con el art. 62 LCSP, el responsable del contrato, con las funciones que en este precepto se señalan, será la Concejala Delegada del Área de Igualdad, Bienestar y Sanidad, doña María del Carmen Ures García.

#### **Undécimo.- Supervisor de los trabajos.**

Asumirá la función de supervisor de los trabajos, doña Ana Isabel Hoyuelos Bolón, Trabajadora Social del Ayuntamiento de Carballo.

### **12.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada núm. 202299900000460 de 9 de febreiro contra a exclusión financeira. (CIBPS de 22/02/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social, do 22/02/2022, punto 2 da orde do día, relativo á moción presentada con rexistro de entrada nº 202299900000460 de 9 de febreiro polo grupo municipal do PP contra a exclusión financeira, cuxo texto íntegro se transcribe:

«Segundo os datos do Banco de España correspondentes ao pasado setembro, no último ano a banca pechou en España case un 11% das oficinas. As 20.421 sucursais actuais son case un 56% menos que as 46.118 do 2008. Galicia viu desaparecer nos últimos 12 meses 189 sucursais bancarias.

Se comparamos os datos dos últimos 6 anos, a 30 de setembro de 2015 en Galicia había 1.719 oficinas abertas, fronte as 1.096 que se contabilizan no ano 2021, isto é, un 36% menos. Porén, a nivel estatal este dato é moito máis preocupante, cunha perda de oficinas do 56%.

As entidades financeiras están a priorizar o uso das novas tecnoloxías para a realización da maioría dos trámites bancarios. Aínda que a banca electrónica aporta vantaxes de inmediatez e accesibilidade, unha implantación precipitada dificulta o acceso a servizos financeiros básicos naqueles lugares onde a dixitalización aínda non se desenvolveu na súa plenitude ou naquelas persoas que teñen un menor desempeño nas novas tecnoloxías, con especial incidencia na poboación envellecida e que vive soa.

Todas as administracións públicas, en colaboración coas entidades financeiras, deben garantir que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia e da súa idade, teña acceso aos servizos bancarios e financeiros, prestando especial atención ao ámbito rural e a poboación envellecida.

De feito, xa existen fórmulas útiles neste ámbito, como a iniciativa promovida pola Xunta de Galicia, en colaboración coa Fegamp, que permitirá a moitas localidades que carecen de oficina bancaria dispoñer dun caixeiro no seu municipio e que os veciños poidan contar con servizos de asistencia financeira e de formación. Ademais a través dos organismos autonómicos de Consumo tamén se traballa na defensa dos usuarios de banca, mediante a organización de campañas informativas e prestación de asesoramento en materia de servizos financeiros.

Existen iniciativas semellantes ao longo do territorio español, nas que están involucradas outros gobernos autonómicos, deputacións provinciais, concellos, ou incluso a empresa pública estatal Correos que, segundo ten anunciado, pretende instalar caixeiros en concellos sen entidade bancaria.

Dende o noso grupo valoramos moi positivamente todas estas medidas, pero consideramos que debería existir unha coordinación e unha planificación a nivel estatal para que realmente sexan eficaces, xa que non estamos ante un problema exclusivamente galego, senón que se da no conxunto de España, tal e como vemos nos medios de comunicación, e no que todas as administracións deben implicarse.

Tal e como se recolle na moción aprobada no pleno do Senado o 9 de setembro, existe un amplo consenso para que o Goberno de España elabore un estudo detallado sobre a situación real de exclusión financeira e se acorde un paquete de medidas global para abordar este problema.

No pasado mes de setembro, o Partido Popular, a través do seu grupo parlamentario, levou ao Pleno do Parlamento de Galicia unha iniciativa na que se demandou do Goberno do Estado unha actuación coordinada e a adopción das medidas recollidas no acordo plenario do Senado.

Meses despois, a problemática segue sen resolverse, e todo indica que continuará agravándose non vindeiros anos, polo que é necesaria é urxente unha actuación por parte do Goberno estatal.

**O concello de Carballo insta a Xunta de Galicia a:**

- Reiterar ante o Goberno de España a necesidade de elaborar un estudo, en colaboración co Banco de España e a CNMC, sobre a situación do mercado financeiro en España desde o punto de vista da concentración bancaria, da competencia e do acceso aos servizos financeiros básicos, que sirva de base para a elaboración e posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, con medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros.
- Entre as medidas deste plan estatal contra a exclusión financeira estaría a de impulsar unha normativa que regule a prestación universal de servizos financeiros básicos ou esenciais, de xeito que se garanta á súa prestación para todos os usuarios, cunha calidade determinada e a un prezo asequible.».

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, fai a súa intervención que, ó ser proporcionada por escrito, transcríbese na súa integridade: «**INTERVENCIÓN MOCIÓN PP CARBALLO CONTRA A EXCLUSIÓN FINANCIERA.**

*Segundo os datos do Banco de España correspondentes ao pasado setembro, no último ano a banca pechou en España case un 11% das oficinas. As 20.421 sucursais actuais son case un 56% menos que as 46.118 do 2008. Galicia viu desaparecer nos últimos 12 meses 189 sucursais bancarias.*

*Se comparamos os datos dos últimos 6 anos, a 30 de setembro de 2015 en Galicia había 1.719 oficinas abertas, fronte as 1.096 que se contabilizan no ano 2021, isto é, un 36% menos. Porén, a nivel estatal este dato é moito máis preocupante, cunha perda de oficinas do 56%.*

*As entidades financeiras están a priorizar o uso das novas tecnoloxías para a maioría dos trámites bancarios. Isto é, sen dúbida, un avance e ten grandes vantaxes...pero precisa dunha transición ordeada que permita aos novos usuarios adaptarse, especialmente no que respecta á poboación máis maior.*

*Esta situación vese aínda máis amplificada coa política de peches de oficinas bancarias por parte das entidades que, en moitos casos, están deixando grandes áreas do territorio sen servizos financeiros cunha incidencia maior no que respecta ás zonas rurais.*

*Repito o dato, no último ano temos en Galicia 189 sucursais menos, e a maior parte delas pecharonse en entornos rurais.*

*Polo tanto, non podemos aceptar que os peches sigan en aumento e a atención sexa cada vez menos personalizada.*

*Por parte da XUNTA e da FEGAMP xa se están a dar pasos neste senso para buscar solucións a este problema. Esta colaboración permitirá a moitas localidades que carecen de oficina bancaria dispoñer dun caixeiro no seu municipio e que os veciños poidan contar con servizos de asistencia financeira e de formación.*

*Ademais a través dos organismos autonómicos de Consumo tamén se traballa na defensa dos usuarios de banca, mediante a organización de campañas informativas e prestación de asesoramento en materia de servizos financeiros.*

*Existen iniciativas semellantes ao longo do territorio español, nas que están involucradas outros gobernos autonómicos, deputacións provinciais, concellos, ou incluso a empresa pública estatal Correos que, segundo ten anunciado, pretende instalar caixeiros en concellos sen entidade bancaria.*

*Dende o noso grupo valoramos moi positivamente todas estas medidas, pero consideramos que debería existir unha coordinación e unha planificación a nivel estatal para que realmente sexan eficaces. Polo que entendemos que **TODAS AS ADMINISTRACIÓNS DEBEN IMPLICARSE.***

*No pasado mes de setembro, o Partido Popular, a través do seu grupo parlamentario, levou ao Pleno do Parlamento de Galicia unha iniciativa na que se demandou do Goberno do Estado unha actuación coordinada e a adopción das medidas recollidas nun acordo plenario aprobadocun amplo consenso do Senado, que instaba ao Goberno de España a elaborar un estudo detallado sobre a situación real da exclusión financeira e se acorde un paquete de medidas global para abordar este problema.*

*Meses despois, esa problemática segue sen resolverse, e todo indica que non vai a mellorar a situación nos vindeiros anos, polo que é **NECESARIA e URXENTE** unha actuación por parte do Goberno Central.*

*Por todo isto o noso grupo presenta a seguinte proposta de acordo:*

*O concello de Carballo insta a Xunta de Galicia a:*

*- Reiterar ante o Goberno de España a necesidade de elaborar un estudo, en colaboración co Banco de España e a CNMC, sobre a situación do mercado financeiro en España desde o punto de vista da concentración bancaria, da competencia e do acceso aos servizos financeiros básicos, que sirva de base para a elaboración e posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, con medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros.*

*- Entre as medidas deste plan estatal contra a exclusión financeira estaría a de impulsar unha normativa que regule a prestación universal de servizos financeiros básicos ou esenciais, de xeito que se garanta á súa prestación para todos os usuarios, cunha calidade determinada e a un prezo asequible.”*

*Remato solicitando o apoio de todos os grupos a esta moción que, consideramos afecta directamente á veciñanza carballesa, un acordo unánime daría respaldo a esta petición para que o Goberno Central, que é o que ten competencias directas neste asunto a través do Banco de España, aporte solucións.*

*Moitas Gracias.*

*Carballo, 28 de febreiro de 2022.»*

En canto á emenda do BNG, entregada ao inicio desta sesión polo Sr. Alcalde aos voceiros dos diferentes grupos municipais, como Voceiro do grupo propoñente non a aceptan. Entenden que dende o Instituto Galego de Consumo xa se están a facer labores de información. Dende ese instituto se está traballando no apoio de formación e divulgación do uso dos servizos financeiros, en campañas informativas e de asesoramento financeiro.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, anuncia o seu voto favorable. Bota en falta que a moción non incida no incumprimento da normativa europea e estatal de atención ao cliente que as entidades bancarias están incumprindo *flagrantemente*. Entidades que, por outra banda, foron rescatadas con miles de millóns aportados por todos os cidadáns.

O Sr. Costa Trillo, voceiro suplente do grupo municipal do PSdG-PSOE, considera que se trata dunha boa moción que reflexa a realidade, que é necesaria; e quereda que se esixira o seu cumprimento. Votarán a favor.

O Sr. Alcalde propón unha *emenda* que xa foi entregada aos voceiros dos grupos municipais ao inicio da sesión e que se transcribe.

«Emenda do grupo municipal do BNG á moción do Partido Popular contra a exclusión financeira

O pleno da corporación ACORDA:

Instar á Xunta de Galiza a desenvolver as súas competencias exclusivas en materia de consumo impulsando, ao abeiro do Instituto Galego de Consumo e das Competencias, campañas colectivas de reclamacións bancarias, información ás persoas consumidoras e estudos propios sobre a vulneración dos seus dereitos, e a desenvolver tamén, no seu ámbito de competencia, as actuacións necesarias para evitar a deslocalización de servizos e a perda dos postos de traballo no sector da banca en Galiza. Carballo, a 28 de febreiro de 2022.»

Apunta que hoxe non había máis que darse un paseo polo centro da localidade para ver as colas considerables diante dalgunhas entidades bancarias. A moción refírese á FEGAMP, entidade na que no anterior mandato corporativo representou aos concellos do BNG; polo que *non lle parece de recibo que entidades rescatadas con miles de millóns de euros* agora pidan unha subvención pública para manter sucursais abertas ou instalen caixeiros automáticos en localidades que carecen daquelas. Cre que non debería haber recursos públicos para isto, máxime nun momento en que os seus números volven a ser positivos. Cada quen ten que asumir as súas responsabilidades, e non so mirar cara á administración central, ao Estado. Considera que a Xunta de Galicia debe buscar outro camiño e non financiar a quen xa ten beneficios millonarios. A emenda vai nesa liña, a de esixir esa actuación autonómica. Se non fora aceptada a súa emenda, absteranse.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, agradece o apoio do PSdG-PSOE e de TEGA. Xa xustificou o porque da non aceptación da emenda do BNG. Entende que o grupo de goberno coa súa abstención non está rexeitando as medidas propostas na parte resolutiva da moción.

Sometido o asunto a votación, con oito (8) votos a favor, dos concelleiros presentes dos grupos municipais do PP (4), PSdG-PSOE (2) e TEGA (2), e once (11) abstencións, dos concelleiros presentes do grupo municipal do BNG, o Pleno Municipal acorda:

### **O concello de Carballo insta a Xunta de Galicia a:**

- Reiterar ante o Goberno de España a necesidade de elaborar un estudo, en colaboración co Banco de España e a CNMC, sobre a situación do mercado financeiro en España desde o punto de vista da concentración bancaria, da competencia e do acceso aos servizos financeiros básicos, que sirva de base para a elaboración e posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, con medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros.
- Entre as medidas deste plan estatal contra a exclusión financeira estaría a de impulsar unha normativa que regule a prestación universal de servizos financeiros básicos ou esenciais, de

xeito que se garanta á súa prestación para todos os usuarios, cunha calidade determinada e a un prezo asequible.

**13.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada núm. 202290000000895 de 15 de febreiro para a adhesión ao proxecto VIOPET. (CIBPS de 22/02/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social, do 22/02/2022, punto 3 da orde do día, relativo á moción presentada con rexistro de entrada n.º 202290000000895 de 15 de febreiro para a adhesión ao proxecto VIOPET, cuxo texto íntegro se transcribe:

«VIOPET é un programa que acolle, de forma temporal, aos animais de mulleres vítimas de violencia machista. Esta iniciativa xorde da Dirección Xeral de Dereitos dos animais e o Observatorio de Violencia Cara aos Animais no marco do Plan de Continxencia contra a Violencia de Xénero #ante a crise da COVID19, aprobado en Consello de Ministros o pasado 17 de marzo.

É un programa levado a cabo por diferentes especialistas (profesionais da medicina, a veterinaria, a educación canina/felina, a criminoloxía, as FFCCS, o traballo social, os servizos especializados para vítimas, a psicoloxía criminal, etc.).

Durante o primeiro ano desde que se puxese en marcha este programa deuse cobertura a máis de 300 mulleres sobreviventes de violencia machista e aos seus animais. Actualmente contamos cunha rede de máis de 800 casas de acollida repartidas por todo o Estado, que se prestan voluntarias a acoller a estes animais ata que estes poden retomar coas súas propietarias.

Un estudo de 2012 atopou que o 59% das mulleres maltratadas atrasaron deixar o fogar por medo a abandonar aos seus animais (Alberta SPCA, 2012).

O obxectivo principal do proxecto é intervir de maneira colaborativa con Servizos Sociais, SIAD, SIE, SARA ou outros servizos que xestionen casos de violencia machista onde se detecten vítimas que conviven con animais.

No caso de que a vítima non teña un lugar seguro para o seu animal de compañía, activarase a parte do protocolo para buscar acollida para este. O aloxamento poderá ser nunha protectora, unha residencia ou unha casa de acollida.

É un programa que axuda á acollida temporal dos animais de vítimas de violencia que desde marzo de 2020 colabora coa DG dos Dereitos dos Animais e funciona grazas a unha rede de fogares voluntarios aos que os animais se trasladan ata que a situación da vítima estabilízase, na actualidade existen preto de 800 distribuídos por todo o territorio español.

Os datos estatísticos que recollen que o 30% das mulleres vítimas de violencia de xénero teñen animais de compañía, o 86% das mulleres refiren malos tratos cara ao seu animal e o 59% das mulleres atrasa a saída do seu domicilio por non atopar aloxamento para o seu animal.

Durante o Estado de Alarma, segundo os datos proporcionados polo Ministerio de Igualdade respecto a as chamadas ao 016 de mulleres vítimas de violencia de xénero «multiplicáronse nun 200 ou 400 %», moitas destas mulleres tiñan animais e non sabían que facer con eles ao abandonar o fogar do maltratador.

Relación de Violencia de Xénero e malos tratos animal

- Doce estudos independentes informan que entre o 18% e o 48% das mulleres maltratadas han atrasado a súa decisión de deixar ao seu agresor, ou regresar ao seu agresor, por temor ao benestar dos seus animais de compañía ou gañado (Ascione, 2007).
- Un estudo de 2012 atopou que o 59% das mulleres maltratadas demoraron deixar o fogar por medo a abandonar aos seus animais (Alberta SPCA, 2012).
- Nun estudo de recursos para mulleres vítimas de violencia doméstica en todo o país, o 85% dos directores de refuxios atoparon casos nos que as mulleres revelaron malos tratos animais (Ascione, Weber e Wood, 1997).
- Un estudo de 2007 atopou que as mulleres que buscaban un recurso para vítimas de violencia tiñan 11 veces máis probabilidade de referir que a súa parella magoara / matado o seu animal e que as mulleres do refuxio tiñan 4 veces máis probabilidade de manifestar que o seu animal foi ameazado como medida de control (Ascione et al., 2007; Volant, Johnson, Gullone & Coleman, 2008)

Por todo o antes exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa aprobación polo Pleno, a adopción o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** - Que o Concello de Carballo adhírase ao proxecto VIOPET do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e realice accións para visibilizar á cidadanía a existencia do mesmo.

**SEGUNDO.** - Que se inclúan nos protocolos de actuación da área de Benestar Social/Servizos Sociais, a toma en consideración dos casos nos que existisen animais a cargo das vítimas así como nos protocolos policiais de intervención en situacións de violencia de xénero, reservando un número de prazas no albergue municipal de animais para supostos de urxencia adscritos ao proxecto VIOPET



TERCEIRO. - Que o Concello de Carballo propoña a realización de xornadas de concienciación sobre animais de compañía e violencia machista.

CUARTO. - Coordinar xunto á Dirección Xeral de Dereitos dos Animais actividades formativas para traballadores e traballadoras públicos nos sectores relacionados coa atención a vítimas de violencia de xénero.

QUINTO. - Remitir o acordo plenario de adhesión ao programa VIOPET á Dirección Xeral de Dereitos dos animais dependente do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030.»

O Sr. Costa Trillo, voceiro suplente do grupo municipal do PSdG-PSOE, fai un resumo da parte expositiva da moción transcrita. Entende que no se trata de se son moitos ou poucos os casos, senón de que o servizo estea aí para ser usado se fora necesario.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, anuncia o seu voto favorable.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, cre que non hai sitio na cancela municipal, como xa se ten posto de manifesto polo grupo de goberno neste foro cando se trataron outros asuntos. Polo tanto, previamente, se ten que abordar a posibilidade de mellorar ou modificar esa instalación para poder executar esta moción. Absteranse.

A Sra. Ures García, concelleira delegada de Igualdade, Benestar e Sanidade, móstrase a favor da moción. Calquera acción encamiñada a mellorar a calidade de vida dos veciños sempre estarán dispostos a apoiala.

Sometido o asunto a votación, con quince (15) votos a favor, dos concelleiros presentes dos grupos municipais do BNG (11), PSdG-PSOE (2) e TEGA (2), e catro (4) abstencións, dos concelleiros do grupo municipal do PP, o Pleno Municipal acorda:

**Primeiro.-** O Concello de Carballo solicitará adherirse ao proxecto VIOPET do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e realizará accións para visibilizar á cidadanía a existencia do mesmo.

**Segundo.-** Incluír nos protocolos de actuación da área de Benestar Social/Servizos Sociais, a toma en consideración dos casos nos que existen animais a cargo das vítimas así como nos protocolos policiais de intervención en situacións de violencia de xénero, reservando un número de prazas no albergue municipal de animais para supostos de urxencia adscritos ao proxecto VIOPET.

**Terceiro. -** O Concello de Carballo realizará xornadas de concienciación sobre animais de compañía e violencia machista.

**Cuarto. -** Coordinar xunto á Dirección Xeral de Dereitos dos Animais actividades formativas para traballadores e traballadoras públicos nos sectores relacionados coa atención a vítimas de violencia de xénero.

**Quinto. -** Remitir o acordo plenario de adhesión ao programa VIOPET á Dirección Xeral de Dereitos dos animais dependente do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030.

#### **14.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada núm. 20229000000928 de 13 de febreiro sobre Coche de Punto. (CIBPS de 22/02/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social, do 22/02/2022, punto 4 da orde do día, relativo á moción presentada con rexistro de entrada n.º 20229000000928 de 13 de febreiro sobre Coche de Punto, cuxo texto íntegro se transcribe:

«Recentemente implantouse no concello de Pontevedra o servizo de taxi á demanda denominado "coche de punto". Aínda que esta iniciativa se atopa na súa fase de proba, xa soubemos que o municipio de Lugo tamén se interesou e comezou cos preparativos para implantar o servizo na devandita localidade.

O noso grupo valora moi positivamente dita iniciativa e así mesmo cremos que pode ser de gran utilidade para o noso Concello polas nosas características xeográficas e demográficas. Evidentemente aínda quedan moitos aspectos por puír e mellorar, pero mesmo na devandita fase de proba, xa se están notando os beneficios para o rural.

Os usuarios consultados ata o momento emitiron unha opinión moi favorable ao servizo, así como os profesionais do taxi que manifestaron que é un aumento do traballo que lles veu moi ben tras dous anos moi complicados.

Por todo o antes exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa aprobación polo Pleno, a adopción o seguinte acordo:

Que o Concello de Carballo sómese á iniciativa de implantar o "Coche de punto" e, o máis axiña posible, inicie os contactos necesarios para levar adiante devandito servizo.»

O Sr. Costa Trillo, voceiro suplente do grupo municipal do PSdG-PSOE, apunta que esta iniciativa se implantou recentemente en Pontevedra e parece que Lugo se quere sumar. As sensacións de usuarios e taxistas parecen positivas. En canto á emenda do BNG, entregada polo Sr. Alcalde aos voceiros dos grupos municipais, como concelleiro do grupo propoñente non ten problema en aceptala xa que o que é interesante é que se dean pasos na súa implantación.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, anuncia o seu voto favorable. En todo caso cre que sería máis beneficioso que fora co autobús.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, non dubida que a iniciativa pode ser boa, pero está nunha fase moi experimental. Se se aceptara a emenda do BNG xa vai de seu pois o taxi é un servizo á demanda. Esperarán a ver os resultados. Absteranse.

O Sr. Seoane Collazo, concelleiro delegado de Mobilidade, Emerxencias, Feiras e Mercados, explica que a emenda vai nesa liña, de estudo, pois en Pontevedra está en fase de proba e en Lugo en estudo. Proponse una *emenda* que xa foi entregada aos voceiros dos grupos municipais ao inicio da sesión e que se transcribe.

«Emenda do grupo municipal do BNG á moción do PSdeG-PSOE sobre o coche de punto

Substitución do acordo da moción polo seguinte texto:

Que o Concello de Carballo estude a viabilidade dun servizo de taxi a demanda no noso municipio, iniciando os contactos necesarios para implantalo de resultar de interese.

Carballo, a 28 de febreiro de 2022.»

Aínda que ve "*complicado*" o asunto, se estudará e se verá en que medida é viable para os usuarios e *orzamentariamente* para o Concello.

Sometido o asunto emendado a votación, con quince (15) votos a favor, dos concelleiros presentes dos grupos municipais do BNG (11), PSdG-PSOE (2) e TEGA (2), e catro (4) abstencións, dos concelleiros do grupo municipal do PP, o Pleno Municipal acorda:

Que o Concello de Carballo estude a viabilidade dun servizo de taxi a demanda no noso municipio, iniciando os contactos necesarios para implantalo de resultar de interese.

### **15.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 20229000000977 de 17 de febreiro sobre prostitución.**

Nin o Sr. Alcalde nin o Sr. Costa Trillo, voceiro suplente do grupo municipal do PSdG-PSOE, xustifican previamente a inclusión deste punto na orde do día, sen ditame previo.

**\*- Sometida a votación a ratificación da súa inclusión na orde do día, conforme ós artigos 97.2 e 82.3 do R.D. 2568/1986, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (19), acorda ratificar a inclusión deste asunto na orde do día.**

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 20229000000977 de 17 de febreiro sobre prostitución.

«A prostitución e trátaa para a explotación sexual de mulleres son as manifestacións máis crueis e violentas da desigualdade.

Ambas son parte da mesma estrutura de dominación e violencia que ten a súa orixe na desigualdade estrutural entre mulleres e homes: o racismo, a feminización da pobreza e o aumento da demanda de mulleres e nenas para ser prostituídas.

A abordaxe de trátas con fins de explotación sexual, por tanto, non pode desligarse do fenómeno da prostitución, porque é a demanda de prostitución a principal causa do aumento de trátas de mulleres e nenas. Trátas de mulleres e nenas para a explotación sexual existe porque hai homes que demandan prostitución. Trátas de persoas con fins de explotación sexual é unha das principais formas de escravitude contemporánea e unha flagrante violación dos Dereitos Humanos. Trátas de mulleres e nenas con fins de explotación sexual é tamén un dos negocios máis lucrativos, despois do tráfico de armas e o tráfico de estupefacientes.

A Convención Internacional contra Trátas de Persoas e a Explotación da Prostitución Allea de Nacións Unidas é o instrumento legal que expresa a vontade política de combater a explotación sexual que sofren as mulleres e as distintas formas, en que esta se presenta. No seu preámbulo considera que "a prostitución e o mal que a acompaña, trátas de persoas para fins de prostitución, son incompatibles coa dignidade e o valor da persoa humana..."

O Convenio de Varsovia, do 16 de maio de 2005, asinado por España en xullo de 2008, sinala que o principal valor engadido do devandito Convenio en relación con outros instrumentos internacionais, é a súa perspectiva de dereitos humanos e o seu enfoque baseado na protección das vítimas. O Convenio de Varsovia sinala entre os seus obxectivos: a) previr e combater trátas de seres humanos, garantindo a igualdade entre as mulleres e os homes; b) protexer os dereitos da persoa vítima de trátas, crear un marco completo de protección e de asistencia ás vítimas e as testemuñas, garantindo a igualdade entre as mulleres e os homes, así como garantir unha investigación e unhas accións xudiciais eficaces, c) promover a cooperación internacional no campo da loita contra trátas de seres humanos.

A Resolución do Parlamento Europeo, do 26 de febreiro de 2014, sobre explotación sexual e prostitución e o seu impacto na igualdade de xénero, indica que a prostitución, xa sexa forzada ou non, representa formas de escravitude incompatibles coa dignidade da persoa e cos seus dereitos fundamentais. A prostitución e a explotación sexual das mulleres e nenas son formas de violencia e, como tales, supoñen un obstáculo á igualdade entre mulleres e homes. A explotación na industria do sexo é causa e consecuencia da desigualdade de xénero e perpetúa a idea de que o corpo das mulleres e as nenas está en venda.

Os últimos datos publicados pola Oficina das Nacións Unidas sobre a Droga e o Delito e a Unión Europea indican que as mulleres e as nenas representan o 71% das vítimas detectadas en todo o mundo e o 80% das vítimas identificadas en Europa occidental. O 95% delas acaban explotadas na prostitución, o que pon de manifesto a moi estreita relación que hai entre trátas e a prostitución. España é un dos países onde máis mulleres e nenas son prostituídas. Segundo datos achegados pola ONU, España encabeza a lista dos países da Unión Europea cun 39% dos homes que acudiron á prostitución polo menos unha vez na súa vida, con moita distancia respecto a os demais países que se sitúan preto do 19%, a media europea. A estreita relación cos procesos migratorios ha convertido ao noso país en porta de entrada a Europa e, ao mesmo tempo, país de destino e de tránsito para as vítimas de trata. A prostitución é unha vulneración dos Dereitos Humanos que está relacionada case sempre coa violencia, a marxinação, a dificultade económica e a cultura sexista e patriarcal.

É necesaria unha resposta máis contundente por parte de todas as administracións que están fronte a trátas de seres humanos e, especialmente á que se realiza con fins de explotación sexual. Este 8 de marzo é necesario facer un chamamento sobre a necesidade dun gran consenso político e social dirixido á abolición a prostitución no noso país e o papel que todas as Administracións teñen neste proceso. A abolición da prostitución é un proceso longo e complexo que debe estar marcado por iniciativas lexislativas en todos os niveis da Administración pública e políticas públicas adecuadamente financiadas á vez que require de grandes cambios na nosa sociedade, especialmente entre os homes. Neste camiño cara á **abolición da prostitución o compromiso das e os socialistas é impulsar políticas públicas en materia laboral, de xustiza e política social que ofrezan unha resposta eficaz e unha saída a estas mulleres.**

Por todo o antes exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa aprobación polo Pleno, a adopción o seguinte acordo:

1. Instar o Goberno de España a que elabore unha Lei de Trata de seres humanos con fins de explotación sexual que teña como obxectivo a abolición da prostitución no noso país.
2. Impulsar no marco das competencias autonómicas/municipais medidas de sensibilización e formación sobre a vulneración de Dereitos Humanos que supón trátas de seres humanos con fins de explotación sexual e a favor da abolición da prostitución.»

O Sr. Costa Trillo, voceiro suplente do grupo municipal do PSdG-PSOE, pide desculpas por non ter presentado a moción con tempo suficiente para que fora incluída na orde do día da informativa. Remítese á parte expositiva da moción (arriba transcrita) e da lectura á parte resolutiva.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, cre que o tema é máis propio da administración estatal ou autonómica, cando menos o resolutivo primeiro proposto. Si lle parece interesante o resolutivo segundo. Anuncia o seu voto favorable.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, cre que este tema é máis propio do Congreso dos Deputados. En marzo de 2021 o Ministerio de Traballo anuncio unha lei contra a trata. Despois dun ano debería presentala no Congreso e buscar os apoios necesarios. O primeiro resolutivo da moción recae sobre quen hoxe goberna en España. Parécelle, pois, surrealista que un grupo municipal do PSdG-PSOE faga unha petición ao goberno do seu mesmo partido político. En canto ao resolutivo segundo cre que xa se están a facer cousas nesa liña e na mesma debería continuarse traballando.

A Sra. Ures García, concelleira delegada de Igualdade, Benestar e Sanidade, cre que a moción pasa sobre a prostitución de puntillas e incide na trata. Esquece a explotación produtiva. A prostitución é un tema moito máis intenso do que aparece nesta moción. Aínda así votaran a favor da mesma.

O Sr. Costa Trillo, voceiro suplente do grupo municipal do PSdG-PSOE, agradece o apoio recibido. O PSOE e o goberno de España son dúas cousas diferentes. Quen vai facer a petición é o Pleno do Concello de Carballo. Poden quedar cousas por dicir ou por facer, pero a moción é un primeiro paso.

Sometido o asunto a votación, con quince (15) votos a favor, dos concelleiros presentes dos grupos municipais do BNG (11), PSdG-PSOE (2) e TEGA (2), e catro (4) abstencións, dos concelleiros do grupo municipal do PP, o Pleno Municipal acorda:

Primeiro.- Instar o Goberno de España a que elabore unha Lei de Trata de seres humanos con fins de explotación sexual que teña como obxectivo a abolición da prostitución no noso país.

Segundo.- Impulsar no marco das competencias autonómicas/municipais medidas de sensibilización e formación sobre a vulneración de Dereitos Humanos que supón trátala de seres humanos con fins de explotación sexual e a favor da abolición da prostitución.

### **FOD.1.- Declaración Institucional con motivo do día internacional da muller - 8 de marzo.**

Nin o Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, nin o Sr. Alcalde xustifican previamente a inclusión na deliberación e votación deste asunto nesta sesión.

**\*.- FÓRA DA ORDE DO DÍA, de conformidade co establecido no artigo 91.4 e 97.3 do R.D. 2568/1986 que aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais (ROF) e tendo en conta o artigo 81.1.a) do mesmo texto, o Pleno municipal, por unanimidade dos membros presentes (19), acorda aprobar a urxencia e posterior consideración nesta sesión deste asunto enumerado co epígrafe FOD.1.**

Dáse conta e transcríbese a declaración presentada polo grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202299900000701 do 24 de febreiro.

*«Con motivo do Día Internacional da Muller, que se conmemora o próximo 8 de marzo de 2022, a Organización das Nacións Unidas escolleu o lema a “Igualdade de xénero hoxe para un mañá sostible” co obxectivo de recoñecer a contribución das mulleres e das nenas de todo o mundo, que están liderando os esforzos ante o cambio climático para construír un futuro máis sostible.*

*Consideramos necesario asegurar o benestar integral de todas as mulleres e avanzar noutras políticas de cohesión social e dinamización demográfica a través de medidas favorecedoras da plena igualdade e con perspectiva de xénero como reto irrenunciabile.*

*No benestar das persoas conflúen unha serie de variables que operan de xeito interrelacionado. Por iso, como establece a Organización Mundial da Saúde (OMS), a saúde debe abordarse desde un enfoque integral que considere os factores biolóxicos pero tamén os factores sociais e psicolóxicos. E neste sentido, o xénero constitúe un factor determinante en tanto que o benestar e a calidade de vida das persoas se ven determinados polas distintas posicións, roles sociais, dereitos, etc.*

*Para seguir contribuíndo a unha mellor calidade de vida das mulleres galegas, unha das prioridades de actuación será o fomento de estilos de vida saudables e do autocoidado para o benestar integral, facendo especial fincapé na atención das mulleres maiores, facilitándolles ademais oportunidades de envellecemento activo.*

*Doutra banda, debemos consolidar os recursos de atención ás mulleres, tanto para a atención aos problemas de saúde prevalentes na poboación feminina, como aqueles asociados aos dereitos relacionados coa saúde sexual e reprodutiva e coa maternidade.*

*A provisión destes recursos, ademais do factor xénero, deben ter en conta a diversidade e as necesidades específicas dalgunhas delas, como as mulleres maiores, as mulleres con discapacidade, as mulleres inmigrantes, etc., de xeito que os servizos e a información se adapten a cada particularidade.*

*Así, as Administracións públicas debemos seguir desenvolvendo políticas específicas dirixidas a mulleres en situación de dificultade ou especial vulnerabilidade. Sempre tendo en conta que o enfoque de xénero é transversal a outros moitos ámbitos, como o ambiental, de maneira que se fomenten os programas medioambientais nos que se poña en valor o papel das mulleres na conservación do medio e na xestión dos recursos autóctonos.*

*Para acabar con todas as brechas de xénero que se identifican en numerosos informes internacionais debe haber unha resposta de continuidade a través da organización de campañas de concienciación social e doutras actividades de sensibilización en favor da igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos.*

*E para iso é fundamental que exista un compromiso rotundo dos partidos políticos, das organizacións sindicais, das administracións e institucións e de todas asociacións en xeral, que abarque actuacións coordinadas e proactivas neste senso, desde a mocidade ata as persoas de maior idade.*

*Procuraremos unha sociedade na que impere o modelo coeducativo enfocado á ruptura dos estereotipos de xénero así como valores como o respecto á igualdade e á diversidade. É o momento de sumar esforzos e seguir traballando conxuntamente para conseguir que a igualdade sexa unha realidade instaurada nos 365 días do ano.»*

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, pide desculpas por non ter presentada esta moción con tempo suficiente. Todos teñen o texto transcrito. O 8 de marzo ten o peso suficiente para que o Pleno se sume á declaración institucional que se presenta.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, apoiará a moción presentada pois son asuntos que poderían afectar a calquera.

O Sr. Costa Trillo, voceiro suplente do grupo municipal do PSdG-PSOE, preferiría que esta declaración fora consensuada co resto dos grupos, pero apoiara.

A Sra. Ures García, concelleira delegada de Igualdade, Benestar e Sanidade, tivera agradecido que se enviara con anterioridade para que todos puideran facer as súas achegas, tal e como se fai coa declaración con motivo do 25 de outubro. Non ten problema en votar a favor, pero bota de menos dúas cousas. A primeira que non se fale do movemento feminista que tanto fixo pola igualdade. A segunda que non fale nada da fenda salarial, dixital e de todo tipo.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, agradece o apoio unánime e volve a pedir desculpas por presentala con retraso.

O Sr. Alcalde, subliña que isto non é unha moción dun grupo político municipal, é unha declaración institucional de tódolos grupos municipais. Se se presenta como declaración institucional é do Pleno da Corporación, que de maneira solemne se pronuncia ao respecto, e debería estar no primeiro lugar da orde do día. Polo tanto, se é unha declaración institucional, é de tódolos grupos municipais, non unha moción do grupo do PP.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, enténdea como unha declaración institucional do Pleno non do grupo do PP.

O Pleno Municipal, por "asentimento" unánime dos membros presentes (19), acorda subscribir a declaración institucional transcrita.

## **16.- Seguimento de órganos de goberno:**

### **16.1.- Cambio de voceiro do grupo político municipal do Partido Popular (PP)**

De acordo co previsto no artigo 75 da Lei 5/1997 de Administración local de Galicia e 24 do RD 2568/1986 que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, constituíronse os grupos políticos no concello de Carballo para o mandato corporativo 2019-2023 que se iniciou coa constitución da Corporación o pasado 15 de xuño de 2019.

Na sesión extraordinaria do pleno municipal de 20 de xuño de 2019, punto 2 da orde do día, douse conta da constitución de ditos grupos políticos e dos voceiros de cada un deles.

Con rexistro de entrada nº 202299900000725 do 25 de febreiro, o grupo municipal do PP comunica o cambio de voceiro do seu grupo segundo o seguinte:

- Voceira saínte: Paula Nogueira Costa
- Voceiro entrante: Rubén Lorenzo Gómez.
- Voceiros/as suplentes:
  - o José Antonio Dominguez Pallas
  - o Paula Nogueira Costa
  - o María Beatriz Neira Varela

O Sr. Alcalde da conta que, con rexistro de entrada 202299900000725 de 25/02/2022, o Grupo político municipal do PP comunica o cambio de voceiro, pasando o Sr. Lorenzo Gómez a desempeñar esa función. Agradece á Sra. Nogueira Costa ás súas achegas enriquecedoras nos debates municipais nos que participou.

## **16.2.- Informe de Intervención e Tesourería do cumprimento da lei 15/2021 do 5 de xullo, que modifica a lei 3/2004 do 29 de decembro, de medidas contra a morosidade, relativo ao cuarto trimestre de 2021. Toma de coñecemento.**

Dáse conta do informe de Intervención de 15/02/2022 e Tesourería de 14/02/2022 contido no expediente 2022/X999/000216.

**«Asunto: Informe de la Tesorería e Intervención municipal sobre el cumplimiento de los plazos establecidos en la Ley 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, correspondiente al cuarto trimestre de 2021.**

### **Legislación aplicable**

- Ley 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.
- Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

La Ley 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, establece en el apartado 3 de su artículo cuarto: *“Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.”*

El apartado 4 del mismo artículo, establece que *“Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.”*

La Ley 3/2004, establece en su artículo 3, apartado 1, que la Ley será de aplicación a todos los pagos efectuados como contraprestación en las operaciones comerciales realizadas entre empresas y la Administración de esta Entidad Local, de conformidad con lo establecido en la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

Así, según establece el artículo 198.4 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, la Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. (...) Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo

dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio.

La Orden ministerial HAP/2105/2012, de 1 de octubre, modificada por la Orden HAP/2082/2014, de 7 de noviembre, que determina el procedimiento a seguir para la remisión de la información, establece en su artículo 16.6 que antes del último día del mes siguiente a la finalización de cada trimestre del año se remitirá, entre otros, el informe trimestral, regulado en el artículo 4 de la Ley 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, en la que se incluirá, al menos, de acuerdo con la metodología establecida para el cálculo el periodo medio de pago a proveedores de las Administraciones Públicas, el detalle del periodo medio de pago global a proveedores y del periodo medio de pago mensual y acumulado a proveedores, así como de las operaciones pagadas y pendientes de pago de cada entidad y del conjunto de la Corporación Local.

En virtud de todo lo expuesto y para dar cumplimiento a la obligación legal, se detallan a continuación una relación de las obligaciones del ayuntamiento en la que se especifica el número y cuantía de las obligaciones pendientes en las que se está incumpliendo el plazo y se adjuntan los siguientes informes:

- Pagos realizados en el trimestre: Resumen extraído de la plataforma AUTORIZA, del Ministerio de Hacienda, y desglose en el Anexo I extraído de la aplicación contable municipal.
- Intereses de demora pagados en el trimestre: Resumen extraído de la plataforma AUTORIZA, del Ministerio de Hacienda.
- Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre: Resumen extraído de la plataforma AUTORIZA, del Ministerio de Hacienda y desglose en el Anexo II extraído de la aplicación contable municipal.
- Detalle del período medio de pago global a proveedores (formato extraído de la plataforma AUTORIZA, del Ministerio de Hacienda).

#### **REMISIÓN AL PLENO DEL AYUNTAMIENTO**

En virtud de lo establecido en Ley 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, adjunto remitimos el informe correspondiente al cuarto trimestre de 2021 sobre el cumplimiento de los plazos previstos en la Ley 15/2010, de 5 de julio, para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local, que incluye:

- Pagos realizados en el trimestre.
- Intereses de demora pagados en el trimestre.
- Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre.
- Detalle del período medio de pago global a proveedores.

#### **Informe de Morosidad** **Carballo**

#### **EJERCICIO** **2021**

#### **CUARTO TRIMESTRE**

Código de Entidad	Entidad	Tipo de Contabilidad	Pagos realizados en el periodo				
			Periodo Medio Pago (PMP) (días)	Pagos Dentro Periodo Legal Pago		Pagos Fuera Periodo Legal Pago	
				Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total
11-15-019-AA-000	Carballo	Limitativa	42,74	1181	4.912.979,70	222	826.098,17

Código de Entidad	Entidad	Tipo de Contabilidad	Intereses de Demora Pagados en el Periodo
-------------------	---------	----------------------	---

			Número de Pagos	Importe Total Intereses
11-15-019-AA-000	Carballo	Limitativa	0	0

Código de Entidad	Entidad	Tipo de Contabilidad	Facturas o Documentos Justificativos Pendientes de Pago al Final del Periodo				
			Periodo Medio Pago Pendiente (PMPP) (días)	Dentro Periodo Legal Pago al Final del Periodo		Fuera Periodo Legal Pago al Final del Periodo	
				Número de Operaciones	Importe Total	Número de Operaciones	Importe Total
11-15-019-AA-000	Carballo	Limitativa	33,55	547	1.826.096,53	85	237.656,60

**PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES TRIMESTRAL**

**DETALLE POR ENTIDADES**

**TRIMESTRE CUARTO TRIMESTRE**

**AÑO 2021**

Código de Entidad	Entidad	Ratio de Operaciones Pagadas	Ratio de Operaciones Pendientes de Pago	En días
				Periodo Medio de Pago Trimestral
11-15-019-AA-000	Carballo	4,36	1,28	3,54

Entidades que no han remitido sus datos a tiempo para la elaboración del informe:

NINGUNA.

**16.3.- Información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da orde MAP/2105/2012 do 1 de outubro. Execución do cuarto trimestre de 2021. Toma de coñecemento.**

Dáse conta e transcríbese o informe da Viceinterventora do 23/02/2022 contido no expediente 2021/X999/000734.

«Intervención. Dación de conta da información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da Orde MAP/2015/2012 do 1 de outubro. Execución cuarto trimestre do 2021



**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/G010/000002

O artigo 207 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establece “A intervención da entidade local remitirá ao Pleno da entidade, por conducto da presidencia, información da execución dos orzamentos e do movemento da tesourería por operacións presupuestarias independentes e auxiliares do orzamento e da súa situación, nos prazos e coa periodicidad que o pleno estableza”.

O artigo 16 da Orde ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se desenvolven as obrigacións de suministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira, establece as obrigacións trimestrais de suministro de información, que han de cumprimentarse antes do último día do mes seguinte á finalización de cada trimestre do ano.

En virtude de todo iso, remítese por esta intervención ao Pleno do Concello de Carballo, a seguinte información, referida ao final do cuarto trimestre do 2021, e que foi remitida ao Ministerio con data do 31 de xaneiro de 2022.

- a) Resumen clasificación económica da execución presupuestaria do estado de ingresos e gastos.
- b) Calendario e orzamento de Tesorería.
- c) Informe actualizado avaliación resultado estabilidade presupuestaria
- d) Informe nivel de débeda ao final do cuarto trimestre 2021.



**Ejecuciones trimestrales de las Entidades Locales. Trimestre 4 - Ejercicio 2021**

Entidad Local: **11-15-019-AA-000** **Carballo** /18809 V.4.1.1

10.34.201.74

Atención: recuerde que los cambios que haga aquí pueden afectar a otros formularios, como por ejemplo el Calendario y Presupuesto de tesorería.

**F.1.1.1 Resumen Clasificación Económica**

(Unidad: Euros)

No olvide pulsar "Enviar" antes de abandonar el formulario

VOLVER

IMPRIMIR

INGRESOS	Ejercicio Corriente				Ejercicios cerrados		Observaciones
	Previsiones iniciales Presupuesto 2021	(A) Estimación Previsiones definitivas al final de ejercicio (1)	(B) Derechos Reconocidos Netos (2)	Recaudación Líquida (2)	Recaudación Líquida (2)	Desviación (B)/(A)-1	
1 Impuestos directos	8.549.662,26	8.549.662,26	8.463.308,06	7.571.809,72	879.025,07	-0,01	
2 Impuestos indirectos	250.000,00	250.000,00	404.523,83	363.272,91	23.130,48	0,62	
3 Tasas y otros ingresos	5.463.970,08	5.463.970,08	4.990.658,19	4.885.739,31	102.428,29	-0,09	
4 Transferencias corrientes	11.023.983,95	12.310.381,79	11.566.946,44	11.566.946,44	0,00	-0,06	
5 Ingresos patrimoniales	51.371,00	51.371,00	15.877,41	15.877,41	0,00	-0,69	
6 Enajenación de inversiones reales							
7 Transferencias de capital	760.243,74	4.644.758,96	1.557.745,35	1.557.745,35	0,00	-0,66	
8 Activos financieros	60.000,00	8.986.087,95	10.261,50	5.201,09	2.769,24	-1,00	
9 Pasivos financieros	0,00	681.339,89	886.985,25	886.985,25	0,00	0,30	
<b>Total Ingresos</b>	<b>26.159.231,03</b>	<b>40.937.571,93</b>	<b>27.896.306,03</b>	<b>26.853.577,48</b>	<b>1.007.353,08</b>	<b>0,00</b>	

GASTOS	Ejercicio Corriente				Ejercicios cerrados		Observaciones
	Créditos iniciales Presupuesto 2021	(A) Estimación Créditos definitivos al final de ejercicio (1)	(B) Obligaciones Reconocidas Netos (2)	Pagos Líquidos (2)	Pagos Líquidos (2)	Desviación (B)/(A)-1	
1 Gastos de personal	8.576.731,03	8.762.622,21	7.889.483,59	7.882.805,18	7.028,15	-0,10	
2 Gastos en bienes corrientes y servicios	12.466.508,39	13.381.426,87	10.960.262,95	9.892.930,15	1.274.558,48	-0,18	
3 Gastos financieros	95.501,00	12.501,00	2.354,47	2.354,47	0,00	-0,81	
4 Transferencias corrientes	1.846.884,05	2.900.439,80	1.884.451,93	1.706.100,21	212.851,71	-0,35	
5 Fondo de contingencia y Otros Imprevistos	20.000,00	20.000,00	0,00	0,00	0,00	-1,00	
6 Inversiones reales	3.133.606,56	15.800.582,05	6.932.561,16	6.161.692,22	548.678,00	-0,56	
7 Transferencias de capital							
8 Activos financieros	60.000,00	60.000,00	10.261,50	10.261,50	0,00	-0,83	
9 Pasivos financieros							
<b>Total Gastos</b>	<b>26.159.231,03</b>	<b>40.937.571,93</b>	<b>27.679.375,60</b>	<b>25.656.143,73</b>	<b>2.043.116,34</b>	<b>0,00</b>	

(1) Estimación Previsiones definitivas al final ejercicio - Presupuesto actualizado, incluyendo las modificaciones ya tramitadas y/o previstas tramitar hasta final de ejercicio  
 (2) Datos de ejecución acumulados a final del trimestre vencido

No olvide pulsar "Enviar" antes de abandonar el formulario

VOLVER

IMPRIMIR



## Ejecuciones trimestrales de las Entidades Locales. Trimestre 4 - Ejercicio 2021

Entidad Local:   (16005) v.4.1.1-  
 10.34.251.74

### F.1.1.9 Calendario y Presupuesto de Tesorería

En este formulario los datos se envían automáticamente.

VOLVER

IMPRIMIR

(Importes en EUROS)

CONCEPTO	RECAUDACIÓN/PAGOS REALES		
	RECAUDACIÓN/PAGOS ACUMULADA HASTA EL 31/12/2021		
	CORRIENTE	CERRADOS	TOTAL (1)
<b>Fondos líquidos al inicio del periodo (1)</b>			<b>13.118.352,64</b>
<b>Cobros presupuestarios</b>	<b>26.853.577,48</b>	<b>1.007.353,08</b>	<b>27.860.930,56</b>
1. Impuestos directos	7.571.809,72	879.025,07	8.450.834,79
2. Impuestos indirectos	363.272,91	23.130,48	386.403,39
3. Tasas y otros ingresos	4.885.739,31	102.428,29	4.988.167,60
4. Transferencias corrientes	11.566.946,44	0,00	11.566.946,44
5. Ingresos patrimoniales	15.877,41	0,00	15.877,41
6. Enajenación de inversiones reales	0,00	0,00	0,00
7. Transferencias de capital	1.557.745,35	0,00	1.557.745,35
8. Activos financieros	5.201,09	2.769,24	7.970,33
9. Pasivos financieros	886.985,25	0,00	886.985,25
<b>Cobros no presupuestarios</b>	<b>19.891.690,86</b>	<b>0,00</b>	<b>19.891.690,86</b>
<b>Cobros realizados pendientes de aplicación definitiva</b>	<b>20.244,49</b>	<b>0,00</b>	<b>20.244,49</b>
<b>Pagos Presupuestarios</b>	<b>25.656.143,73</b>	<b>2.043.116,34</b>	<b>27.699.260,07</b>
1. Gastos de personal	7.882.805,18	7.028,15	7.889.833,33
2. Gastos en bienes corrientes y servicios	9.892.930,15	1.274.558,48	11.167.488,63
3. Gastos financieros	2.354,47	0,00	2.354,47
4. Transferencias corrientes	1.706.100,21	212.851,71	1.918.951,92
5. Fondo de contingencia y Otros imprevistos	0,00	0,00	0,00
6. Inversiones reales	6.161.692,22	548.678,00	6.710.370,22
7. Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00
8. Activos financieros	10.261,50	0,00	10.261,50
9. Pasivos financieros	0,00	0,00	0,00
<b>Pagos no presupuestarios</b>	<b>19.850.376,27</b>	<b>0,00</b>	<b>19.850.376,27</b>
<b>Pagos realizados pendientes de aplicación definitiva</b>	<b>6.767,87</b>	<b>0,00</b>	<b>6.767,87</b>
<b>Fondos líquidos al final del periodo</b>			<b>13.334.814,34</b>

### OBSERVACIONES

(1) En el concepto "Fondos líquidos al inicio del periodo" se reflejará el importe existente al comienzo del ejercicio 2021 (a 01-01-2021).

En este formulario los datos se envían automáticamente.

VOLVER

IMPRIMIR



### Ejecuciones trimestrales de las Entidades Locales. Trimestre 4 - Ejercicio 2021

Entidad Local:   (16809) v4.1.1.

10.34.251.74

#### F.3.2 Informe actualizado Evaluación - Resultado Estabilidad Presupuestaria Grupo Administración Pública

(En el caso de que la Entidad este sometida a Contabilidad Empresarial el Ingreso y Gasto no Financiero ya es directamente el computable a efectos del Sistema Europeo de Cuentas) - no aplican ajustes

Entidad	Ingreso no financiero (1)	Gasto no financiero (1)	Ajuste S. Europeo Cuentas		Capac./Nec. Financ. Entidad
			Ajustes propia Entidad (2)	Ajustes por operaciones internas	
11-15-019-AA-000 Carballo	26.999.059,28	27.669.114,10	481.554,10	0,00	-188.500,72

(1) Si entidad tiene presupuesto limitativo - corresponderá con los gastos e ingresos no financieros de la estimación de derechos/obligaciones reconocidos n.tos a 31/12/2021 (Cap. 1 a 7).  
Si entidad con contabilidad Empresarial - corresponderá con los gastos e ingresos no financieros (ajustados al SEC).  
(2) Solo aparecerá cumplimentado en el caso de Entidad con presupuesto limitativo.

Capacidad/Necesidad Financiación de la Corporación Local -188.500,72

Con los objetivos aplicados desde la entrada en vigor de la LO 2/2012 LA CORPORACIÓN LOCAL NO CUMPLE CON EL OBJETIVO DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA. Este incumplimiento es meramente informativo al suspenderse las reglas fiscales para 2020 y 2021.

Observaciones y/o consideraciones al Cumplimiento/Incumplimiento del Objetivo de Estabilidad Presupuestaria del Grupo de Entidades que están dentro del Sector Administraciones Públicas de la Corporación Local

Situación de la entrega: **Cumplida obligación**

[VOLVER](#) [IMPRIMIR](#)



### Ejecuciones trimestrales de las Entidades Locales. Trimestre 4 - Ejercicio 2021

Entidad Local:   (16625) v4.1.1-

10.3425174

#### F.3.4 Informe del nivel de deuda viva al final del periodo actualizado

##### Deuda viva PDE al final del periodo

Entidad	Deuda a corto plazo	Emisiones de deuda	Operaciones con Entidades de crédito	Factoring sin recurso	Arrendamiento financiero	Asociaciones público privadas	Pagos aplazados por operaciones con terceros	Otras operaciones de crédito	Con Administraciones Públicas y FFEEL (1)	Total Deuda viva PDE a final del periodo
11-15-019-AA-000 Carballo	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>Total Corporación Local</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>

Total Deuda viva PDE **0,00**

Observaciones y/o consideraciones al Nivel de Deuda previsto al final del periodo de la Corporación Local:

(1) En las deudas con las Administraciones Públicas únicamente se incluirán los préstamos con el Fondo de Financiación a Entidades Locales, que incluye el Fondo de Impulso Económico, el Fondo de Ordenación y el Fondo en liquidación para financiación de los Pagos a Proveedores de EEEL, en este último tanto si se han instrumentado a través de una operación de endeudamiento, como a través de la participación en los tributos del Estado (PTE).

Situación de la entrega: **Cumplida obligación**

[VOLVER](#)

[IMPRIMIR](#)

## 16.4.- Resolucions da Alcaldía

O Pleno Municipal queda enterado das resolucions da alcaldía ditadas entre o día 27/01/2022, n.º 254, e o día 23/02/2022, n.º 531.

## 16.5.- Acordos da Xunta de Goberno Local

O Pleno Municipal queda enterado dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, segundo o seguinte detalle:

Sesión	Tipo	Data
02/2022	Ordinaria	31/01/2022
03/2022	Ordinaria	14/02/2022

## 16.6.- Rogos e Preguntas

### 16.6.1.- Rogo e pregunta presentados polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada núm. 20229000000977 de 17 de febreiro:

(R1.PSdeG-PSOE).- (le o rogo o concelleiro Sr. Varela Novo) «Neste grupo recibimos algunhas queixas con respecto a certas publicacións nas redes sociais do concello.

*Ao parecer, algunhas delas resaltan en días sinalados, as posibilidades que ofrece o noso concello para o tempo libre do visitante, pero esquecen sinalar tamén as posibilidades que o noso pobo ofrece no sector do comercio.*

*ROGO. Que se teña a ben recordar ao sector do comercio polo menos ao mesmo nivel que outros sectores nas publicacións do concello.»*

O Sr. Alcalde responde que dende o goberno municipal non se ten esa percepción de discriminación dalgún sector. Proba diso foron as dúas campañas de televisión de fomento do comercio local e non doutro sector. Posiblemente se poida mellorar.

(P1.PSdG-PSOE).- (le a pregunta o concelleiro Sr. Varela Novo) «*En que situación se atopan e que xestións se fixeron ata o momento para a construción do edificio para fins sociais que prometeu o goberno local?*»

A Sra. Lantes Seara, concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación, responde que o documento para aprobación inicial tivo entrada fai uns días no concello. Espera que na próxima Informativa poida ser ditaminado.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e corenta e dous minutos (21:42 h.) a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu como Secretario dou fe